



PROGRAMA ESTRATÉGICO
DO CASTIÑEIRO
E DA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA



XUNTA
DE GALICIA

PROGRAMA ESTRATÉXICO DO CASTIÑEIRO E DA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA

Autoría: Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
Consellería do Medio Rural

Colaboración: Grupo de investigación G4 Plus. Universidade de Vigo

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2022

Depósito Legal: C 1481-2022

Deseño e maquetación: Seteseoito Deseño Gráfico

Impresión: Gráficas Garabal S.L.

Índice

1.	ANTECEDENTES DO PROGRAMA ESTRATÉXICO E RELEVANCIA DO CASTIÑEIRO EN GALICIA.....	7
2.	DIAGNOSE: PRINCIPAIS FACTORES POTENCIADORES E LIMITADORES.....	27
	2.1. Factores potenciadores.....	30
	2.2. Factores limitadores.....	32
3.	OBXECTIVOS E CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA.....	35
4.	DESEÑO ESTRATÉXICO. EIXES DE INTERVENCIÓN DO PROGRAMA E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN QUE CÓMPRE DESENVOLVER.....	41
	4.1 IDENTIFICACIÓN DOS EIXES DE INTERVENCIÓN PRINCIPAIS	43
	4.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER POR CADA EIXE DE INTERVENCIÓN DO PROGRAMA.....	45
	4.3 PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS QUE CÓMPRE DESENVOLVER NO MARCO TEMPORAL 2022-2025	61
5.	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA	67



1



ANTECEDENTES
DO PROGRAMA
ESTRATÉXICO E
RELEVANCIA DO
CASTIÑEIRO EN GALICIA



ANTECEDENTES
DO PROGRAMA
ESTRATÉXICO E
RELEVANCIA DO
CASTIÑEIRO EN GALICIA


No ano 2018 o Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 346, do 10 de agosto de 2018, sinalaba un conxunto de medidas en prol do monte galego e a ordenación dos seus múltiples usos. Varias desas medidas, a modo de recomendacións, teñen unha clara concatenación coa posta en valor dos soutos tradicionais:

- Incentivar actuacións de repoboación forestal e tratamentos silvícolas de axuda á rexeneración natural de frondosas caducifolias.
- Promover a inclusión de frondosas autóctonas nas repoboacións.
- Fomentar a biodiversidade forestal: mediante a plantación de especies de madeiras nobres e/ou de froito como a cerdeira, o castiñeiro ou a nogueira e a produción de froitos e sementes forestais para o consumo humano e do gando doméstico, cogomelos, plantas aromáticas e medicinais, gandería de alta calidade.
- Desenvolver un sistema válido ao respecto da información territorial da biodiversidade de Galicia, co establecemento de criterios e indicadores de biodiversidade, que proporcione aquela información sobre o patrimonio natural.
- Fomentar o consumo de produtos forestais para o que a Comisión recomenda que se desenvolvan as seguintes actuacións:
 - Deseño, execución e seguimento dun Programa galego para a divulgación e a comunicación da cultura forestal.
 - A creación dunha rede galega de centros de información e promoción da cultura forestal galega.
 - Promover o desenvolvemento dunha xestión forestal activa para a mellora e o incremento da capacidade de fixación de carbono das masas forestais.
 - Promover o desenvolvemento dunha xestión forestal activa e sustentable para a mitigación e adaptación ao cambio climático dos montes galegos.

Todas elas foron recollidas na 1ª Revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", programa coordinado de actuación e instrumento de ordenación do territorio e de avaliación ambiental estra-

técnica dos montes galegos. Así, o *Plan forestal de Galicia (PFG)* é o instrumento básico para o deseño e a execución da política forestal galega (artigo 72 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia), no que se avalía a situación do monte galego e se establecen as directrices e programas de actuación da política forestal de Galicia, así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento.

O novo PFG estrutúrase con base nos seguintes eixes estratéxicos:



EIXO I

Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais



EIXO II

Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais



EIXO III

Xestión forestal e loita contra o abandono do monte




EIXO IV

Recursos forestais e cadea monte-industria



EIXO V

Estatística, formación e investigación forestal



EIXO VI


Planificación, ordenación e gobernanza

Esta plan contén como medida concreta a execución do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña (medida IV.1.2), e neste marco redáctase este documento.

O castiñeiro está considerado unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, polo que é un recurso de gran relevancia desde o punto de vista da alimentación (humana, de animais domésticos ou fauna silvestre), como tamén polo seu valor para usos madeiros.

Ademais desas utilidades como materia prima básica para a industria alimentaria ou madeira, o ecosistema creado nos soutos orientados á produción de castaña ou á produción de madeiras repercute tamén positivamente na creación de valor como recurso turístico e paisaxístico. Desde o punto de vista medioambiental, actúa como elemento de defensa contra os incendios forestais e a protección do solo ou como hábitat para a proliferación doutras especies animais e vexetais que poden ser compatibles dentro do propio soto. Por todo iso, o castiñeiro veu sendo a especie arbórea cunha maior tradición e apego sociocultural das economías rurais en Galicia durante moito tempo.

Na actualidade, a presenza do castiñeiro en Galicia circunscríbese de xeito maioritario ás zonas interiores e de montaña, especialmente das provincias de Lugo e Ourense. Aínda que é certo tamén que en moitos casos, a pesar de seguir supoñendo un importante recurso económico, a crecente tendencia ao despoboamento de numerosas vilas, aldeas e núcleos de poboación do rural levaron a un progresivo abandono das tarefas de



coidado e xestión de moitos soutos. En particular, así como a produción de castaña continuou sendo relevante en Galicia malia o declive da especie, ese abandono tivo un especial impacto na produción de madeira de castiñeiro, a cal vén sufrindo un drástico e continuo descenso, do que aínda non se recuperou.

A produción de castañas en montes ou terreos forestais recoñécese como un aproveitamento forestal na normativa vixente, que establece o dereito das persoas propietarias dos montes ao acoutamento das súas propiedades.

A esa diminución na produción madeireira e de froito tamén contribuíu, de xeito significativo, a aparición de novas patoloxías do castiñeiro que afectaron tanto os soutos tradicionais como as novas plantacións, como poden ser a enfermidade da tinta (causada por *Phytophthora cinnamomi*), a enfermidade do cancro (*Chryphonectria parasitica*), a finais dos anos 90 do século pasado, e xa máis recentemente a avespa do castiñeiro do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*). Os tratamentos de loita biolóxica baseados na solta controlada do parasitoide *Torymus sinensis*, cuxa eficacia xa se probou noutros territorios, empezan a dar tamén bos resultados nos bosques galegos, o que permite encarar o futuro a medio prazo cun certo optimismo no que se refire ao control desta praga e á minimización da súa incidencia. Ademais, están a

detectarse outros patóxenos como a antracnose (*Micosphaerella maculiformis*), a gnomoniase (*Gnomoniopsis smithogilvyi*) e outras patoloxías que poden afectar o castiñeiro, e que obrigan a facer seguimento da súa incidencia e evolución.



A produción de castañas en montes ou terreos forestais recoñécese como un aproveitamento forestal na normativa vixente, que establece o dereito das persoas propietarias dos montes ao acoutamento das súas propiedades. Pero, ademais desta enorme importancia económico-productiva, deben terse en conta os valores sociais, ecolóxicos e culturais que achegan á nosa sociedade as formacións arboradas desta especie. Dada a importancia que ten esta especie tanto na economía rural como na paisaxe e na preservación dos hábitats naturais galegos, é prioritario manter os soutos nun bo estado de conservación.


De feito, os bosques de *Castanea sativa* están considerados como un hábitat de interese comunitario da Rede Natura 2000 (código 9260), cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación segundo a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Segundo os últimos datos recompilados polos grupos de investigación CI5 e AF4 da Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo do Mapa Forestal de España, a situación actual da superficie de Galicia ocupada por soutos ou outras plantacións, onde a especie dominante/maioritaria sexan os castiñeiros, recóllese no seguinte mapa no que se aprecia claramente o alto grao de concentración existente nas comarcas do leste das provincias de Lugo e Ourense, e é practicamente inexistente ou testemuñal nas comarcas costeiras tanto atlánticas como cantábricas.

Mapa de soutos e masas de castiñeiro

Lenda

-  Soutos
-  Outras masas dominadas por castiñeiro




Elaboración:

Grupos de Investigación C15 e AF4

Escola de Enxeñaría Forestal, Universidade de Vigo a
partir de Mapa Forestal Español MFE50

Na figura seguinte recóllense os principais distritos forestais onde está presente esta especie, ordenados de maior a menor superficie (hectáreas). Das máis de 49 mil hectáreas totais de superficie de castiñeiros de Galicia, entre os tres distritos con maior peso (A Fonsagrada-Os Ancares, Terra de Lemos e Valdeorras-Trives) acumulan máis dos dous terzos do total (un 67,6%), o que dá idea da alta concentración desta especie nunha pequena porción da extensión xeográfica de Galicia.


Distribución por distritos forestais da superficie de castiñeiro (ha)



Total hectáreas en Galicia: 49.307,89

Se se fai referencia exclusivamente á superficie de Galicia ocupada polos soutos, a situación actual é a que se recolle na figura seguinte, onde aparecen os distritos tamén ordenados de maior a menor superficie (hectáreas) destinadas a esta especie. Neste caso, os niveis de concentración nos tres distritos máis relevantes aínda é maior, xa que Valdeorras-Trives, Terra de Lemos e A Fonsagrada–Os Ancares acollen máis do 70% das case 27 mil hectáreas de superficie total de soutos de Galicia.

Distribución por distritos forestais da superficie de soutos (ha)



Total hectáreas en Galicia: 26.813,92

Na actualidade, Galicia é a principal rexión en produción e exportación de castañas no Estado español, por diante doutras comunidades como Castela e León, Andalucía ou Estremadura. De feito, Galicia absorbe máis da metade da produción de castañas de España e unha porcentaxe similar das empresas comercializadoras e as industrias de primeira e segunda transformación vinculadas a este aproveitamento forestal.

Por termo medio, aínda que en 2020 a produción caeu case ata os 15 millóns de quilogramos por mor de diferentes causas (entre outras, a pandemia e o impacto da avéspera do castiñeiro), os datos de produción nos últimos anos manteñen certa estabilidade, ao redor dos 20 millóns de quilogramos, dos cales aproximadamente a metade se destinan ao consumo en fresco (en fogares, asadores e nos tradicionais magostos), mentres que outro tanto vai parar ás industrias de transformación para a súa comercialización en conxelado e en produtos elaborados como fariñas, cremas, confeitos e almibres, entre outros.

Tendo en conta que os prezos medios en orixe da castaña oscilan entre os 0,9€ e os 1,9€ por quilogramo, dependendo da zona de produción, da homoxeneidade varietal e da calidade da materia prima, ese volume de produción anual tradúcese nun impacto económico a nivel autonómico de máis de 20 millóns de euros pagados aos produtores, o que xera un valor superior aos 50 millóns de euros en comercialización unha vez transformados.

Porén, con iso e con todo, o conxunto de empresas comercializadoras e da industria de transformación galegas precisan acudir aos mercados exteriores para cubrir as súas necesidades de produción ante a insu-



ficiente cantidade e calidade de castaña recollida nas plantacións galegas. Así, o volume anual de castañas que teñen que ser importadas de mercados internacionais (Portugal...) aproxímase aos 10 millóns de quilogramos, cifra que dá unha idea do enorme potencial de aproveitamento que o monte galego aínda ten por diante, optimizando a súa produción e posta en valor.

Polo que respecta aos mercados de venda, a castaña galega e os seus produtos transformados destínanse maioritariamente aos mercados internacionais, e están presentes en case 30 países de todo o mundo e acaparan unhas tres cuartas partes do volume total comercializado (Italia, Francia e Portugal son os principais mercados de destino), sendo a porcentaxe restante (entre o 20 e o 30%) correspondente ás vendas no mercado español.

A indicación xeográfica protexida (IXP) Castaña de Galicia ten o seu punto de orixe na Orde do 5 de febreiro de 2009 pola que se aprobou o Regulamento da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia e do seu Consello Regulador, e se nomeaba o Consello Regulador Provisional. A indicación xeográfica protexida (IXP) Castaña de Galicia resérvase aos froitos obtidos a partir dos cultivares autóctonos galegos do castiñeiro europeo (*Castanea sativa*, Mill.) destinados ao consumo humano e comercializados en fresco ou conxelado.

O ámbito xeográfico de produción comprende unha boa parte do territorio galego, o que se atopa delimitado ao oeste pola Dorsal Galega e ao norte pola Serra do Xistral. Así, dende o punto de vista administrativo, a zona de cultivo e recolección abrangue:


- Provincia da Coruña: comarca de Terra de Melide e os concellos de Arzúa e Boimorto.
- Provincia de Lugo: total da provincia, coa excepción dos concellos da Mariña.
- Provincia de Ourense: a totalidade dos concellos que integran a provincia.
- Provincia de Pontevedra: as comarcas de Tabeirós-Terra de Montes e do Deza e os concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Campo Lameiro e Cuntis.

O castiñeiro, como árbore, require un réxime de choivas elevado e, mellor, uniformemente distribuídas ao longo do ano. A área delimitada de amparo correspóndese cos valores pluviométricos máis apropiados para o cultivo da castaña, producíndose ademais unha certa seca estival, circunstancias ambas que favorecen a calidade das castañas.

O castiñeiro non soporta temperaturas extremas. Galicia conta cun clima caracterizado por temperaturas tépedas, cun valor medio ponderado anual de 13 °C. A área delimitada presenta ademais temperaturas estivais elevadas que favorecen a maduración e o desenvolvemento dos froitos. Os

A indicación xeográfica protexida (Castaña de Galicia) apróbase coa Orde do 5 de febreiro de 2009 coa que se publica o seu Regulamento

Ámbito xeográfico da IXP Castaña de Galicia



froitos certificados teñen o pericarpo fino, de cor marrón clara e brillante; un epispermo fino, que penetra lixeiramente na semente e que se separa facilmente ao pelar a castaña, sabor doce e textura firme non fariñenta.

A evolución da IXP desde a súa orixe veu experimentando unha crecente adhesión de superficies e número de produtores inscritos, que chegan en 2020 a case as 1.300 hectáreas e 156 produtores. Isto supón que menos dun 3% do total da superficie galega con plantacións de castiñeiros recollida no Mapa Forestal de España está integrada baixo as siglas da IXP, síntoma das dificultades existentes para concienciar e sensibilizar a parte produtora das vantaxes e importancia de que a súa produción se certifique baixo o selo distintivo da IXP Castaña de Galicia.

Polo que respecta á parte da industria transformadora, tamén se aprecia un certo estancamento no número de empresas que participan no mercado, sen dúbida, condicionados polas dificultades de poder atopar

garantías de abastecemento de castañas no mercado autonómico sen depender de materias primas importadas. Así, na actualidade están rexistradas 10 empresas nas actividades de primeira transformación e a comercialización en fresco e 6 empresas de elaboración de produtos procesados baseados na castaña, valores que se manteñen constantes e invariables nos últimos anos.

IXP Castaña de Galicia. Superficie e produtores

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Superficie inscrita (ha)	802	810	871,8	639	687,09	1.040	1.255	1.260	1.298	1.291
Produtores	109	110	116	124	134	143	149	156	152	156
Comercializadores e almacenistas en fresco	9	9	9	11	11	9	10	10	10	10
Industrias de procesado	4	4	4	5	5	6	6	6	6	6

En relación co volume de produción de castaña certificada polo selo da IXP, as cifras amosan un notable decrecemento nos últimos anos, que pasan dos máis de 240 mil quilogramos alcanzados en 2016 a quedar por baixo dos 25 mil en 2020. Esa significativa diminución da cantidade de castaña certificada queda reflectida tamén de xeito evidente na caída do valor económico estimado da produción de produtos derivados da castaña no mercado, que queda en 2020 por debaixo dos douscentos mil euros.

IXP Castaña de Galicia. Produción e valor

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Produción de castaña certificada kg	68.360	90.809	134.596	134.459	223.702	240.902	106.899	63.416	49.171	24.961
Valor económico estimado (€)	237.378	269.371	658.194	249.633	409.000	55.940	791.869	474.552	400.145	197.529

Polo que respecta ás principais variedades de castaña producidas en Galicia, o Consello Regulador IXP Castaña de Galicia en colaboración co Centro de Investigación Forestal de Lourizán desenvolveron o proxecto *“Cambio da estrutura varietal dos soutos para revalorizar a produción da IXP Castaña de Galicia”*, financiado por fondos Feader, no que se identificaban e recomendaban as variedades coas mellores características tecnolóxicas e produtivas



para ser plantadas en novos soutos dentro das distintas zonas da IXP Castaña de Galicia e atendendo ás diferentes condicións climáticas destas.

Entre a ampla riqueza varietal de castañas existente en Galicia, as principais variedades de castaña con importancia recoñecida nas diferentes zonas dos soutos galegos son a 'Amarelante', 'De Paredé', 'Famosa', 'Garrida', 'Longal', 'Negral', 'Ventura' e 'Xudía'; mentres que entre os seus polinizadores pódense citar principalmente a 'Negral', 'Rapada' e 'Piconá'¹. Estas variedades foron seleccionadas como as prioritarias para plantar nos novos soutos da zona amparada pola IXP Castaña de Galicia. Ademais, a variedade 'Luguesa' está recomendada para a zona atlántica na *Guía de cultivo do castiñeiro para a produción de castaña*. Xunta de Galicia².

Ademais do bo estado sanitario do froito, as características da castaña son importantes en función dos distintos usos aos que se destinen. Por exemplo, variedades que teñan un bo pelado son importantes para a súa transformación industrial, pero non para a castaña en fresco, o tamaño grande e a forma son variables importantes para produtos confeitos e marrón glacé, o sabor é importante para castaña en fresco e seca, entre outras particularidades.

No entanto, a realidade é que na maioría dos soutos tradicionais non hai unha especialización varietal senón que existen entre tres e cinco variedades

1 https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/publicacions/2019-10/Variedades_para_os_soutos_novos.pdf

2 https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/publicacions/2019-10/Guia_productor_castana_PDF_INTERACTIVO_1.pdf

des distintas en cada un, polo que os lotes de castaña que se recollen en gran parte dos soutos galegos son mesturas de castañas con características tecnolóxicas moi variables que poden presentar problemas para a súa utilización por parte da industria transformadora, xa que non son axeitadas como materia prima nos procesos de transformación. Pero, doutra banda, ese mesmo feito de mesturas varietais dentro dun mesmo souto tradicional pode ser un valor engadido en si mesmo ligado ao seu compoñente histórico e cultural, e ofrece a posibilidade de comercializar diferentes tipos de castañas vinculadas á orixe de procedencia dende un souto tradicional.

Doutra banda, debe terse en conta que para obter unha boa produción de castaña é necesaria a presenza dunha ou dúas variedades polinizadoras, produtoras de pole abundante e compatibles temporal e xeneticamente coa variedade produtora prioritaria. Nese sentido, destaca como un aspecto importante o feito da autoincompatibilidade na polinización do castiñeiro, isto é, que o pole fértil dunha variedade non é quen de polinizar as flores femininas desta, motivo polo que as variedades que producen pole abundante precisan ser polinizadas por outras.

En resumo, as actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, ao ser consideradas de carácter estratéxico dado a potencialidade que este recurso endóxeno de Galicia presenta para os cidadáns, o sector produtivo ou para as propias administracións públicas. Nese sentido, é preciso acadar o compromiso e a colaboración de todos os axentes públicos e privados con competencias, experiencia e capacidade para dar ese paso e promover a optimización dun recurso tan relevante para Galicia.

Resulta fundamental acadar a implicación de todos os niveis das administracións galegas (autonómica, provincial e local), pasando polos distintos axentes económicos e sociais comarcais, os grupos de desenvolvemento rural (GDR), os produtores forestais (comunidades de montes veciñais en man común, as súas mancomunidades, cooperativas ou calquera outra forma de agrupación conxunta de titulares) e mesmo dos representantes do tecido empresarial transformador e comercializador para acadar a máxima potencialidade para a xeración de valor engadido vinculado ao cultivo desta especie, e que pode agruparse en:

- **Valor económico:** poden xerar importantes rendibilidades mediante o aproveitamento de recursos endóxenos (madeira, froito, fungos...) complementarios e compatibles entre si nunha mesma plantación.
- **Valor social:** contribúen ao desenvolvemento rural favorecendo a fixación de poboación e freando a deterioración provocada polo abandono e o despoboamento das áreas rurais.
- **Valor medioambiental:** conforman un sistema rico en canto á biodiversidade de especies e á fixación de CO₂, contribúen á preven-

As actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, ao ser consideradas de carácter estratéxico


ción dos incendios forestais grazas ás menores combustibilidades das súas superficies forestais e potencian a sustentabilidade da actividade forestal.

➤ **Valor histórico-cultural:** a supervivencia e posta en valor de numerosos soutos tradicionais vai ligada tamén a manter viva a súa achega desde o punto do legado histórico e cultural que os castiñeiros teñen na cultura e tradicións galegas, no seu carácter rural e na idiosincrasia e forma de vida propia das aldeas e vilas do interior de Galicia, na súa gastronomía, festas populares coma os magostos, a na complexidade e singularidade dos sistemas de distribución e repartición das propiedades e terreos forestais en Galicia.

A pesar dos importantes beneficios asociados aos aproveitamentos dos castiñeiros, pódese asegurar que na actualidade non se está a obter todo o potencial real de aproveitamento do castiñeiro en Galicia. Entre outras, algunhas das razóns que inciden especialmente nese escaso aproveitamento actual están directamente relacionadas cos seguintes feitos:

1. Abandono do rural: este é un dos factores que máis negativamente afectan no contexto actual, dado que a poboación rural en Galicia foi decrecendo e, con ela, o aproveitamento feito do castiñeiro e da castaña.
2. Aproveitamento madeireiro: o feito de que o prazo necesario para a recuperación do investimento inicial (aproximadamente 30 anos) sexa considerablemente maior que o doutros aproveitamentos forestais, como o eucalipto ou o piñeiro (aproximadamente 12 e 20 anos, respectivamente), provoca que a poboación teña escaso interese na plantación de castiñeiros para madeira. Polo tanto, a razón do baixo número de aproveitamentos madeireiros do castiñeiro é a rendibilidade económica e o número de anos que se requiren para a recuperación do investimento, en comparación con outros aproveitamentos forestais de ciclo máis rápido.
3. Produción de castaña: para aproveitar as economías de escala asociadas aos labores de limpeza, mantemento ou mecanización da recolección son precisas amplas extensións de terreo. No entanto, debido ás características propias da estrutura territorial de Galicia, maioritariamente de corte minifundista, existen poucas superficies suficientemente extensas asociadas a unha actividade económica de produción de castaña, sendo a maior parte dos aproveitamentos puntuais e para consumo propio.
4. Descoñecemento das actividades do sector transformador: a pesar da elevada capacidade da industria transformadora existente en Galicia, tanto na primeira transformación (castaña seca e conxelada) como na segunda (confeitaría, castañas en conserva, purés, cremas e fariña de castaña), existe un amplo descoñecemento sobre a cadea de valor da castaña por parte da poboación que provoca que non se formulen novas iniciativas empresariais con alto potencial de mercado e que poderían constituír alternativas rendibles e complementarias a outras actividades agrarias nas áreas rurais de Galicia.

Valor do castiñeiro




Para completar a análise da situación e a importancia actual do castiñeiro en Galicia, preséntase de xeito esquemático, unha breve descrición da estrutura e partes nas que se pode compoñer a cadea de valor vinculada ás plantacións de castiñeiros, tanto en relación á súa produción madereira como de froito ou outros tipos de producións complementarias e compatibles con elas.

Neste caso, no marco deste programa ten especial relevo e interese o bloque relativo ao aproveitamento da castaña, desde a súa produción ata o seu proceso de comercialización para chegar ao consumidor final, sen esquecer a súa contribución desde o punto de vista da produción de madeira de calidade.

Con todo o ata aquí exposto e tendo en conta os importantes beneficios asociados ao aproveitamento do castiñeiro, así como o alto potencial para o desenvolvemento de toda a cadea de valor asociada a esta especie en Galicia, a Administración da Xunta de Galicia é consciente de que as institucións públicas no seu conxunto e de xeito coordinado deben facer un esforzo en prol do desenvolvemento de iniciativas económicas e ambientais que permitan achegar o aproveitamento real das producións vinculadas aos castiñeiros e ás súas posibilidades potenciais.

Segundo se recolle no actual Decreto 149/2018, do 5 de decembro, modificado polo Decreto 114/2021 do 22 de xullo, a estrutura orgánica actual da

Cadea de valor



Consellería do Medio Rural, as competencias relativas aos distintos aproveitamentos relativos ao castiñeiro atópanse na actualidade repartidas entre diferentes centros directivos.

Á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias correspóndelle as funcións da protección e control da sanidade animal e vexetal, incluíndo a dirección das actuacións de prevención e loita contra os axentes nocivos, así como a definición dos medios de defensa da produción nos cultivos vexetais agrícolas e os seus produtos, entre os que se atopan os aproveitamentos de árbores e arbustos para froito, e dos procedementos relacionados coa seguridade alimentaria das producións primarias agrícolas e gandeiras.

En particular, o Servizo de Sanidade e Produción Vexetal asume, entre outras, as seguintes funcións:

- Desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación produtiva de cultivos e aproveitamentos.
- Xestión, control e inspección dos medios de produción agrícolas e os seus rexistros.
- Xestión e control dos medios de defensa sanitarios dos vexetais.
- Mantemento dos rexistros da consellería en materia de sanidade vexetal.
- Supervisión e coordinación das agrupacións de defensa en materia fitosanitaria, así como dos avisos fitosanitarios.

Por outra parte, á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias relativas a exercer o control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais, así como favorecer a produción de materiais forestais de reprodución de categorías superiores e nas cantidades necesarias para obter produtos de alta calidade.

Nomeadamente, o Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte é ao que lle corresponde a protección do medio forestal contra as ameazas bióticas e abióticas, a mellora e control do material forestal de reprodución, as incidencias do cambio climático nas masas forestais, o mantemento e control das redes de seguimento do estado fitosanitario, a conservación do acervo xenético forestal e a súa mellora en colaboración con outros departamentos da Administración que teñan competencias na materia.

Existe un grupo de diálogo civil: a Mesa da Castaña, que se integra na consellería competente en materia de agricultura e industrias agroalimentarias.

Ademais, o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), na cal se integra o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, recolle que lle corresponde a este centro o exercicio das funcións de investigación, innovación e transferencia, especialmente en todas as materias agrarias, incluídas a agricultura, a gandaría e os aproveitamentos do medio natural, desde os puntos de vista da produción, da conservación e mellora xenética, da sanidade e o benestar, e da industria agroalimentaria, de xeito compatible co medio e a biodiversidade agraria e no contexto dunha economía baixa en carbono. En particular:

- Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A conservación, mellora e selección dos recursos xenéticos forestais.

Doutra banda existe un grupo de diálogo civil: a Mesa da Castaña, creada mediante a Orde do 2 de agosto de 2017, pola que se crea a Mesa da Castaña e se regula a súa organización, funcionamento e composición, intégrase na consellería competente en materia de agricultura e industrias agroalimentarias.



Co fin de levar a cabo un verdadeiro impulso do aproveitamento do castiñeiro, considérase necesario dispoñer dunha unidade diferenciada que focalice o seu traballo nestes aproveitamentos e centralice a coordinación e execución de todas as actuacións que se levan a cabo para impulsar este aproveitamento, sen prexuízo das competencias concretas que corresponden á Dirección Xeral de Ganadería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, así como a Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

A recente creación da Área de Soutos dentro do Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte, da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, terá como finalidade principal executar as medidas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos dentro do ámbito forestal, así como coordinar o resto das unidades administrativas con competencias específicas nesta materia e aos distintos axentes externos que deben axudar ao impulso da cadea de valor do castiñeiro.

Por esta razón, en cumprimento das competencias que lle atribúe o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (DXPOF) levará a cabo as funcións de coordinación e levanza deste programa.

Este programa foi redactado pola DXPOF e previamente presentouse para as súas achegas, entre outros órganos, ao Consello Forestal de Galicia e á Mesa da Castaña.



2



DIAGNOSE:
PRINCIPAIS FACTORES
POTENCIADORES E
LIMITADORES




DIAGNOSE:
PRINCIPAIS FACTORES
POTENCIADORES E
LIMITADORES

Para a elaboración deste documento empregouse unha ampla variedade de fontes de información secundaria dispoñible relacionada con distintas temáticas que afectan o proceso de cultivo e produción dos castiñeiros, así como dos aproveitamentos da castaña e as posibilidades para a súa comercialización.

Por un lado, tivéronse en conta numerosos documentos de traballo orientados ao deseño e planificación de obxectivos, estratexias e liñas de acción que puidesen ser de interese para o programa, así como outro conxunto de bibliografía³ relativa a elementos e factores que cómpre considerar desde o punto de vista da I+D+i aplicada ao castiñeiro e, por último, múltiples informes, estatísticas e publicacións específicas referidas a algunha parte concreta da cadea de valor do castiñeiro en Galicia.

Con base en toda esa información recollida das diferentes fontes utilizadas como punto de partida para o desenvolvemento deste programa para o impulso do castiñeiro en Galicia, a continuación recóllense todos aqueles factores que teñen unha especial transcendencia, ben porque supoñan elementos que poden favorecer ou facilitar a consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das posibles accións propostas (FACTORES POTENCIADORES), ben porque son variables que cómpre ter en conta por ser potenciais freos ou barreiras que poden dificultar o seu progreso (FACTORES LIMITADORES).



³ Entre outras cabe destacar: [Teseo \(educacion.gob.es\)](http://Teseo.educacion.gob.es)

2.1. Factores potenciadores

FACTORES POTENCIADORES	
POT 1.	Alto valor e apego social do castiñeiro e a castaña como especie arbórea e froito tradicionais e cun forte arraigamento e alto valor histórico e cultural en Galicia, o que pode favorecer o desenvolvemento de novas plantacións de castiñeiros, así como a recuperación de soutos tradicionais para usos produtivos, sociais, culturais e medioambientais.
POT 2.	Importante grao de experiencia, tradición e "saber facer" en Galicia vinculado ao aproveitamento da castaña para a elaboración de produtos de alta calidade e valor engadido, incluíndo sistemas de propiedade da terra e formas de cultivo, industrias de conservación ou festas populares (magostos) que potencian o valor da castaña e os soutos tradicionais como recursos endóxenos de Galicia.
POT 3.	Recoñecemento do castiñeiro e os seus aproveitamentos como recursos de carácter estratéxico en Galicia desde as administracións públicas, cun crecente interese e protagonismo nas políticas e directrices de actuación a nivel autonómico (Mesa da Castaña, Área dos Soutos...).
POT 4.	Importantes expectativas sobre a posible repercusión da recuperación de soutos tradicionais e novas plantacións de castiñeiros como ferramenta de vertebración para a fixación de poboación en comarcas e áreas rurais de Galicia e favorecer un novo impulso do desenvolvemento económico e social do rural galego.
POT 5.	Inclusión dentro da última revisión do Plan forestal de Galicia dun eixe estratéxico relacionado co impulso das masas forestais de castiñeiros no monte galego e o aproveitamento e a posta en valor da castaña producida nesas extensións de terreo.
POT 6.	Importante achega de valor dos castiñeiros desde o punto de vista paisaxístico, ecolóxico, medioambiental no marco dunha crecente corrente social de interese e preocupación pola conservación do medio e do patrimonio natural das áreas rurais, tendo un papel destacado como elemento de prevención e loita contra os incendios forestais, favorecer a fixación de CO ₂ ou para frear a degradación do solo, ademais de ser considerados os bosques de <i>Castanea sativa</i> hábitats de interese comunitario dentro da Rede Natura 2000.
POT 7.	Existencia dunhas condicións xeográficas, climatolóxicas e de calidade dos solos axeitadas en gran parte do territorio galego para impulsar as plantacións de castiñeiros e a produción de castañas de calidade e alto valor para a súa comercialización.
POT 8.	Destacado peso de Galicia como principal potencia en España tanto polo que respecta á superficie total de terreo dedicada ao cultivo de castiñeiros como polo volume e calidade da produción de castañas recollidas.
POT 9.	Existencia na comunidade dunha importante capacidade de investigación e desenvolvemento (I+D) relacionada co cultivo do castiñeiro e o aproveitamento das diversas variedades do froito (Centro de Investigación Forestal de Lourizán, Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, grupos de investigación universitarios, empresas do sector...) que favorecen a transferencia de coñecementos e o desenvolvemento de innovacións que incrementen a produtividade e a rendibilidade das actividades empresariais vinculadas.
POT 10.	Importancia da aprobación da nova Lei de recuperación de terras agrarias como instrumento xurídico sobre o que basear o desenvolvemento de agrupacións de terreos para a súa xestión conxunta e a creación de polígonos agroforestais, entre outras modalidades innovadoras de xestión eficiente.
POT 11.	Existencia dunha gran riqueza varietal de castañas de alta calidade en Galicia, con coñecemento sobre cales son as características axeitadas para os diferentes usos potenciais do froito tanto nos mercados en fresco ou transformados (características organolépticas, tamaños...).
POT 12.	Crecente fomento das novas plantacións de castiñeiros co obxecto de incrementar as producións e poder abastecer en cantidade e calidade a crecente demanda da industria transformadora de Galicia.
POT 13.	Posibilidade de aproveitar instrumentos de financiamento vinculados coa dispoñibilidade dos fondos comunitarios (Feader) para proxectos de investimento que incidan na revitalización e dinamización de áreas e contornas rurais en proceso de deterioración ou de progresiva deterioración da súa pirámide demográfica.
POT 14.	Posta en marcha a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) dun programa para impulsar a plantación controlada e organizada de castiñeiros autóctonos e incrementar así a superficie total de Galicia dedicada ao cultivo desta especie, cunha finalidade de aproveitamento do froito.
POT 15.	Existencia de diversos organismos e entidades para impulsar a colaboración público-privada nos procesos de planificación, seguimento e control das accións implementadas para a potenciación do castiñeiro e a castaña como recursos estratéxicos para o desenvolvemento rural en Galicia (IXP Castaña de Galicia, Mesa da Castaña, Área de Soutos, universidades, centros de investigación...).

FACTORES POTENCIADORES

POT 16.	Existencia en Galicia dunha ampla rede viveirista con potencialidade para dispoñer e subministrar de plantas e enxertos para o desenvolvemento de novas plantacións de castiñeiros ou o repoboamento e recuperación dos soutos tradicionais.
POT 17.	Importantes avances en investigación relacionados coa posibilidade de desenvolver variedades de castiñeiros seleccionados (variedades con raíz híbrida máis resistentes á tinta, clons con maior resistencia ao chancro, cultivos <i>in vitro</i> ...).
POT 18.	Positivas expectativas da eficiencia no uso de tratamentos biolóxicos mediante o parasitoide <i>Torymus sinensis</i> con base nas experiencias previamente realizadas para controlar e minimizar o impacto da praga da avespa do castiñeiro sobre a produción de castaña en Galicia que tanta incidencia tivo nos últimos anos.
POT 19.	Potencial para mellorar a rendibilidade dos investimentos en novas plantacións de castiñeiros ou a recuperación de soutos tradicionais mediante a posta en valor doutros aproveitamentos complementarios como os cogomelos, herbas medicinais e plantas aromáticas, gandaría extensiva ou selectiva (porco celta...), ademais do seu valor paisaxístico e medioambiental ou como elemento de interese turístico.
POT 20.	Importantes avances nos procesos de recolección, preparación e conservación da produción de castañas, reducindo en parte o problema derivado da estacionalidade da produción e o uso da castaña como materia prima básica por parte da industria transformadora ao longo de todo o ano.
POT 21.	Importancia da IXP Castaña de Galicia como axente relevante para avanzar no proceso de profesionalización e homoxeneización da produción de castañas en Galicia, incorporando criterios e indicadores de calidade para toda a cadea de valor da castaña, pero especialmente relevante para o desenvolvemento das novas plantacións ou a recuperación de soutos tradicionais.
POT 22.	Importante potencial de crecemento das actividades empresariais relacionadas coa produción, transformación e comercialización de castañas en Galicia a partir da posta en valor e a potenciación de recursos endóxenos de calidade.
POT 23.	Potencial para acadar maiores rendementos e optimizar os aproveitamentos da man de maiores investimentos en novas tecnoloxías que permitan mellorar a produtividade e competitividade en toda a cadea de actividades (desde a produción, a transformación e a comercialización).
POT 24.	Potencial dispoñible da industria transformadora de produtos baseados na castaña para incrementar a súa capacidade produtiva sen necesidade de acometer grandes investimentos e polo tanto acadar maiores niveis de produtividade e eficiencia nos seus procesos produtivos.
POT 25.	Importante e crecente interese por parte dos consumidores cara aos produtos naturais e/ou ecolóxicos dentro dunha tendencia social máis xeral para unha economía verde, o que favorece o consumo de castañas de Galicia e, en especial, os produtos de calidade recoñecida amparados baixo a denominación da IXP Castaña de Galicia.
POT 26.	Existencia de empresas galegas relevantes, con capacidade tecnolóxica e con procesos de elaboración de alto valor, que poden servir de referencia como casos de éxito para o desenvolvemento da novas iniciativas empresariais vinculadas a estas actividades.
POT 27.	Predominio dunha marcada tendencia a competir vía calidade e diferenciación, especialmente na industria transformadora galega da castaña como estratexia de futuro para poder competir nuns mercados cada vez máis competitivos e con maiores niveis de internacionalización/globalización.
POT 28.	Importante potencial de desenvolvemento e comercialización de novos produtos vinculados á castaña, aproveitando a ampla variedade de posibilidades que permiten os produtos transformados no conxunto da actividade (frescos, secos, conxelados, en conserva, cremas e purés, confeitados, fariñas...).
POT 29.	Importancia da existencia dun selo distintivo de calidade vinculado á orixe para as castañas de Galicia (IXP) como factor diferencial desde o punto de vista da comercialización, para garantir os crecentes niveis de exigencia por parte dos consumidores, o que permite competir en calidade e diferenciación nos mercados internacionais fronte a competidores franceses ou italianos, entre outros.
POT 30.	Existencia dun importante espazo para potenciar a innovación de produtos que dean resposta ás necesidades diferenciais de determinados novos nichos de mercado, como, por exemplo, alimentos preparados con base nas castañas para celíacos e alimentación infantil con baixo contido en glute, entre outras posibilidades.
POT 31.	Importante presenza das empresas galegas dos produtos transformados da castaña nun grande número de mercados de venda internacionais, onde os seus produtos gozan dunha posición competitiva forte e con gran recoñecemento como produtos de calidade diferenciada.

2.2. Factores limitadores

FACTORES LIMITADORES	
LIM 1.	Deficiente ordenación e coidado das superficies de castiñeiro e abandono dos soutos, que conxuntamente co elevado nivel de minifundismo existente en Galicia e a falta de orientación empresarial dos propietarios, dificulta a aplicación dunha silvicultura adecuada que potencie en cantidade e calidade as producións de castañas en Galicia e permita ademais aproveitarse de certas economías de escala.
LIM 2.	Progresivo e continuado proceso de avellentamento e despoboamento que están a experimentar os núcleos de poboación nas contornas rurais do interior de Galicia, que xunto coas deficiencias nas infraestruturas de acceso, dificultan a posta en valor e o aproveitamento dunha parte importante das extensións de terreo onde se producen castañas, coa conseguinte perda de produción potencialmente existente para a súa incorporación ao circuito comercial.
LIM 3.	Importante grao de descoñecemento no conxunto da sociedade galega das posibilidades de investimento e posta en marcha de iniciativas empresariais con alto potencial de mercado, sendo compatible e complementario a valorización das plantacións de castiñeiros con outros usos e aproveitamentos alternativos que incrementen a rendibilidade dos negocios desenvolvidos (outros froitos silvestres, cogomelos, herbas e plantas aromáticas, gandería extensiva e/ou selectiva).
LIM 4.	Insuficiente aproveitamento de mecanismos de coordinación tanto a nivel interno como entre as diferentes administracións públicas nas que concorren competencias relacionadas coas actividades de cultivo, produción e aproveitamento dos castiñeiros na actividade, o que dificulta a realización de políticas de apoio integrais e multidisciplinares que incidan positivamente no das ditas actividades.
LIM 5.	Insuficiente cultura de cooperación en Galicia, que repercute nun limitado nivel de colaboración e agrupación entre todos os integrantes da cadea de valor do castiñeiro (produtores-transformadores, empresas-clientes, empresas-Administración...), que repercute negativamente no desenvolvemento e competitividade dunha actividade conformada por pequenas empresas.
LIM 6.	Escaso aproveitamento das posibilidades de cooperación con asociacións e clústeres empresariais doutras actividades produtivas directamente relacionadas cos castiñeiros e os seus froitos, como poden ser o Clúster da Alimentación de Galicia ou o Clúster da Madeira.
LIM 7.	Falta de orientación estratéxica cara ao desenvolvemento de liñas de colaboración con outros clústeres non directamente relacionados coa cadea de valor da castaña (TIC, automoción, audiovisual...), pero con capacidade para aproveitar a súa experiencia e coñecementos na modernización de procesos e tecnoloxías de produción ou no desenvolvemento de campañas de divulgación e comunicación, entre outras posibilidades.
LIM 8.	Importante impacto negativo no volume de produción de castañas debido á problemática sanitaria dos soutos e as plantacións de castiñeiros de Galicia, acentuada pola dificultade de aplicación de tratamentos químicos como medio para a loita contra enfermidades fitopatolóxicas, poñendo en risco a supervivencia dun importante ecosistema en Galicia e da utilización extensiva por parte da industria transformadora do selo de calidade da indicación xeográfica protexida (IXP).
LIM 9.	Falta de liñas de axudas públicas específicas para estimular e incentivar os investidores privados a apostar polo castiñeiro como unha opción rendible desde o punto de vista económico, especialmente durante os primeiros anos nos que as novas plantacións aínda non son produtivas ou non acadaron o nivel de maduración adecuado para ser sustentables por si mesmas. Ademais as plantacións están condicionadas a que se garanta o aprovisionamento de planta de castiñeiro.
LIM 10.	Elevado prazo temporal que se precisa para obter rendementos económicos asociados as plantacións de castiñeiros, especialmente relevante no caso dos aproveitamentos con fins madeireiros se se compara cos horizontes temporais que se manexan coa plantación de outras especies de crecemento rápido e, polo tanto, de menor tempo de retorno do investimento inicial.
LIM 11.	Problemática asociada a falta de modelos de negocio con fluxos de ingresos e custos que sirvan de guía para fomentar os investimentos en novas plantacións ou na recuperación de soutos tradicionais, independentemente de que se orienten á produción de madeira ou de froitos.
LIM 12.	Percepción por parte dos propietarios e potenciais investidores da existencia dun alto risco asociado a problemas fitosanitarios e incendios forestais que diminúan a rendibilidade dos investimentos realizados nas plantacións de castiñeiros, redúcese deste xeito o interese de potenciais investidores para entrar neste mercado.

FACTORES LIMITADORES

LIM 13.	Inadecuados sistemas de aproveitamento dos soutos (ordenación, mantemento, control de enfermidades fitopatolóxicas, selección de variedades, accesibilidade, entre outros) que, xunto co seu abandono, inciden negativamente nos niveis de produtividade das plantacións de castiñeiros e na calidade e homoxeneidade final do froito recollido.
LIM 14.	Insuficiente transferencia e posta en valor do coñecemento existente nas entidades e centros de investigación para orientar a política de recuperación dos soutos e novas plantacións con orientación cara ao mercado en relación coa idoneidade da gran riqueza varietal de castañas existente en Galicia para os distintos usos aos que se poden destinar os froitos recollidos por parte da industria transformadora.
LIM 15.	Problemática da falta de control e garantías sobre a rastrexabilidade da orixe das materias primas debido á falta de profesionalización e prácticas de xestión empresarial da produción por parte de propietarios de plantacións de castiñeiros de reducida dimensión, que supoñen un grave contratepo para a xustificación da procedencia e calidade dos aprovisionamentos por parte das empresas transformadoras que utilizan esas castañas.
LIM 16.	Problemática da negativa incidencia en termos de custos derivados da falta de uniformidade, tamaño e calidade dos lotes de castañas recollidas, mesturándose con frecuencia diferentes variedades e incorporando unha alta porcentaxe de froito danado por insectos e fungos que requiren dun importante esforzo engadido no proceso de selección e clasificación logo da súa incorporación aos procesos de transformación e de conservación, o que supón polo tanto unha maior ineficiencia e perda de competitividade.
LIM 17.	Insuficiente grao de profesionalización e cualificación, especialmente no ámbito da produción e recollida do froito, así como en relación cos coidados e labores de mantemento e xestión das plantacións para favorecer unhas maiores taxas de produtividade do monte e calidade da castaña recollida.
LIM 18.	Falta de transparencia e eficiencia en relación co funcionamento do mercado de aprovisionamento de castañas, con presenza de axentes e intermediarios con problemas de identificación fiscal, que ocasionan fortes fluctuacións dos prezos e escasa interrelación entre a calidade, calibre e prezo das materias primas.
LIM 19.	Reducida dimensión media das empresas que participan nos distintos elos da cadea de valor do castiñeiro, especialmente na parte de produción do froito, tendo en conta o potencial de produción de castañas existente en Galicia para cubrir en maior medida as necesidades de materia prima da industria transformadora.
LIM 20.	Certo estancamento no número de proxectos empresariais que participan na cadea de valor da industria da castaña en Galicia e se adhiren ao selo da IXP, principalmente debido a escasa optimización da produción real de castaña e que, en gran medida, ou se destina ao autoconsumo ou directamente se perde por quedar sen recoller no momento da súa maduración.
LIM 21.	Falta de colaboración e aproveitamento de sinerxías entre os centros de investigación e a industria transformadora da castaña para desenvolver unha maior orientación cara ás necesidades da produción das empresas transformadoras e desenvolvemento de proxectos de investigación conxuntos e mecanismos de financiamento compartidos que permitan acadar resultados de valor comercial, produtivo ou de desenvolvemento tecnolóxico de procesos que repercuta no nivel xeral de innovación de toda a cadea.
LIM 22.	Elevado grao de estacionalidade no consumo de castaña no mercado local, moi ligado á estacionalidade da época de produción, que dificulta o mantemento dunha actividade continuada e uniforme ao longo de todo o ano, condicionando ademais a rendibilidade das empresas debido aos altos custos loxísticos e de almacenamento das materias primas e produtos semiprocessados.
LIM 23.	Insuficiente nivel de desenvolvemento dunha cultura culinaria en Galicia que fomente a incorporación das castañas como ingrediente innovador nos seus pratos a través de campañas de sensibilización e promoción institucional ou mediante convenios da IXP Castaña de Galicia con restauradores e prescritesores de recoñecido prestixio.
LIM 24.	Insuficiente nivel de cooperación e busca de sinerxías co canal HORECA (Hoteis-restaurantes-cafeterías) para resaltar a importancia da restauración e a divulgación de receitas e menús elaborados que inclúan produtos baseados na castaña tanto como entrantes, pratos principais e sobremesas (purés, cremas, fariñas, conservas, confeitados...) como vía de introducir e promocionar o seu consumo nos hábitos alimenticios dos fogares de xeito máis cotián.
LIM 25.	Insuficiente uso de ferramentas de divulgación para xerar no conxunto da sociedade galega unha maior conciencia sobre a importancia do castiñeiro como recurso endógeno de alto valor económico, social e medioambiental no contexto dun crecente desenvolvemento de iniciativas empresariais vinculadas coa economía verde, a economía circular e a economía social.

FACTORES LIMITADORES

LIM 26.	Insuficiente aproveitamento por parte das empresas e entidades representativas da castaña galega do potencial das redes sociais e as novas canles de comunicación dixital para desenvolver campañas de comunicación e márketing dixital que permitan mellorar o posicionamento competitivo das empresas galegas da cadea nos mercados de consumo, tanto locais como nacionais e internacionais.
LIM 27.	Escasa orientación ao desenvolvemento de estudos e investigacións académicas (teses, TFM,TFG...) ligados coas actividades relacionadas cos castiñeiros e as castañas en Galicia.
LIM 28.	Insuficiente colaboración co ámbito universitario e da formación profesional para impulsar unha maior participación das empresas da cadea de valor do castiñeiro en programas de formación en prácticas para achegar o alumnado á experiencia e realidade empresarial.



3



OBJECTIVOS E
CRITERIOS PARA A
ELABORACIÓN DO
PROGRAMA



OBJECTIVOS E CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA

A primeira revisión do Plan forestal de Galicia contén como medida concreta a execución do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña (medida IV.1.2.). O desenvolvemento deste programa debe ser a ferramenta que guíe e oriente as liñas de actuación coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos cuantitativos no horizonte temporal 2021-2040:

- **Recuperación de soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación.** A medio prazo (entre 2022 e 2025) preténdese a rehabilitación dun total de 2.000 ha, mentres que no horizonte temporal de 20 anos a cifra incrementárase ata as 8.000 ha de soutos recuperados.
- **Creación de novas superficies de soutos para a produción principal de castaña.** Cunha previsión de crear 3.500 ha no primeiro quinquenio e un total de 8.000 ha no período de 20 anos.
- **A creación de novas superficies de soutos para a produción principal de madeira.** Neste caso a previsión vai desde a posta en marcha dunhas 2.000 ha no primeiro quinquenio, chegando ás 8.000 ha ao longo dos 20 anos.

En particular, neste Programa estratéxico establécense os seguintes obxectivos cuantitativos para o primeiro período de execución 2022-2025:

Obxectivos cuantitativos para o primeiro período de execución 2022-2025

	2022	2023	2024	2025	Total (ha)
Recuperación de soutos tradicionais (ha)	100	400	600	900	2.000
Novos soutos, produción de castaña (ha)	-	500	1.000	2.000	3.500
Novos soutos, produción de madeira (ha)	200	400	600	800	2.000

En adición a esta acción concreta, existen outras das medidas recollidas no citado Plan forestal de Galicia que teñen unha relación directa co desenvolvemento deste programa estratéxico:

- **Medidas de fomento da multifuncionalidade e doutros valores do monte (medida I.1.5.).** Esta medida ten por obxecto o fomento da multifuncionalidade do monte, e aplícase con preferencia nos montes veciñais en man común e montes públicos e de xestión pública, ademais de montes de xestión conxunta.
- **Programa de mellora xenética forestal (medida I.3.1.).** Preténdese establecer un programa operativo de mellora xenética forestal mediante o establecemento dun convenio co CIF-Lourizán que permita a xeración de materiais de base produtores de materiais forestais de reprodución a través da continuación das liñas de I+D+i que o centro vén desenvolvendo.
- **Rede galega de seguimento de danos nos bosques (medida II.2.2.).** Esta medida buscará o mantemento, actualización e avaliación continua da Rede Galega de seguimento de danos nas masas forestais galegas para coñecer e valorar o estado de saúde e vitalidade dos montes da Comunidade, tanto no tempo como no espazo, mediante a medición dos distintos parámetros de fácil recolección e tratamento.
- **Programa de saúde e vitalidade forestal (medida II.2.3.).** Elaboración e aplicación do Programa de saúde e vitalidade forestal de Galicia como a ferramenta de planificación operativa da sanidade forestal que manteña a capacidade produtiva dos montes e asegure a persistencia das formacións forestais naturais cun nivel de danos reducido.
- **Programa de fomento da produción de madeira de frondosas de alto valor (medida IV.2.3.).** Incentivar actuacións de repoboación forestal de masas de frondosas de alto valor, así como de tratamentos silvícolas que favorezan o crecemento da masa e a obtención de madeira de calidade. Así mesmo, trátase de poñer á dispoñibilidade do mercado materia prima de alta calidade, e prestar especial atención ao incremento do uso de madeira estrutural na construción, que potencia tanto beneficios aos propietarios como unha mellora da economía verde.
- **Programa de divulgación e comunicación da cultura forestal (medida V.2.1.).** Deseño, execución e seguimento dun programa de divulgación e comunicación da cultura forestal, que permita unha comunicación da cultura forestal en Galicia, mellorando a información, divulgación e comunicación sobre o territorio forestal, os recursos forestais e a xestión forestal para estimular un vínculo ou achegamento positivo e duradeiro coa sociedade.
- **Profesionalización dos propietarios, xestores de montes e/ou traballadores das empresas de servizos forestais (medida V.2.2.).** Deseño e posta en marcha de plans de formación e pro-

fesionalización de propietarios, xestores de montes, e/ou traballadores das empresas de servizos forestais para a mellora ou actualización das súas cualificacións ou competencias profesionais e apertura de novas oportunidades ou actividades experimentais no sector forestal galego.

► **Programa de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal (medida V.3.1).** En colaboración coa Administración galega con competencias en materia de investigación, así como outros departamentos da Administración competente en agricultura e desenvolvemento rural, esta medida deseñará liñas prioritarias de investigación, innovación e desenvolvemento para Galicia, a medio prazo, que oriente as actividades dos diferentes axentes implicados no desenvolvemento do sector e optimice os recursos necesarios para a súa implantación. Ademais, desenvolve-ranse procedementos para a transferencia e divulgación de resultados, información e coñecementos ao sector.

Por outra banda, o proceso de planificación, deseño e desenvolvemento das directrices estratéxicas e do conxunto de medidas propostas para acadar os obxectivos xerais e específicos deste programa deberá ter como guía e recoller de xeito explícito os seguintes criterios prioritarios para a súa elaboración recollidos na *1ª revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica"*.

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA ESTRATÉIXCO DO CASTIÑEIRO E DA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA





4



DESEÑO ESTRATÉGICO.
EIXES DE INTERVENCIÓN
DO PROGRAMA E
PROPOSTAS DE
ACTUACIÓN QUE
CÓMPRE DESENVOLVER



DESEÑO ESTRATÉGICO.
EIXES DE INTERVENCIÓN
DO PROGRAMA E
PROPOSTAS DE
ACTUACIÓN QUE
CÓMPRE DESENVOLVER

4.1 IDENTIFICACIÓN DOS EIXES DE INTERVENCIÓN PRINCIPAIS

A definición dos eixes de intervención escollidos para agrupar e sintetizar os programas de actuacións que cómpre desenvolver realízase desde unha visión multidimensional e multidisciplinar. Partindo dunha banda, dos obxectivos previstos para o desenvolvemento do programa e dos criterios prioritarios nos que se basea a súa elaboración, e doutra banda, da síntese de factores potenciadores e limitadores que caracterizan en maior medida a situación actual do castiñeiro e a castaña en Galicia, complementada cunha visión da propia estrutura en que se pode descompoñer ou segmentar a cadea de valor da castaña, permitiu obter os cinco eixes de intervención principais que se recollen graficamente a continuación e que servirán para posteriormente agrupar toda unha batería de accións que cómpre desenvolver para tratar de acadar os obxectivos previstos inicialmente.



Para facilitar a rastrexabilidade de todo o proceso de deseño estratéxico seguido, elaboraranse unhas fichas que permitan vincular cada un dos eixes de intervención e as propostas de actuación que se inclúen nel cos principais factores potenciadores e limitadores da diagnose, así como cos eixes estratéxicos do PFG e cos criterios prioritarios de intervención definidos para este programa.

Esquemáticamente, toda esa información recollerase nun modelo de ficha para cada un dos cinco eixes identificados, seguindo a seguinte estrutura:



4.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER POR CADA EIXE DE INTERVENCIÓN DO PROGRAMA

Dentro dos cinco eixes de intervención definidos, inclúense un total de 36 propostas de actuación que hai que executar no marco temporal a que se refire este plan estratéxico (desde 2022 ata 2040). Para establecer unha certa orde na temporalización da execución destas, a cada unha das 36 actuacións asígnaselle un nivel de prioridade, con valores entre 1 (prioridade máxima) e 3 (menor nivel de prioridade), para que se leven adiante en diferentes etapas do período estipulado.

Das 36 actuacións propostas, máis da metade (21) son consideradas de prioridade máxima para ser postas en marcha de xeito preferente no seguinte período 2022-2025, mentres que outras 9 se consideran de prioridade media e as restantes (6) cunha menor prioridade.

	2022-2025	2026-2030	2031-2040	
EIXES DE INTERVENCIÓN	PRIORIDADE 1	PRIORIDADE 2	PRIORIDADE 3	TOTAL
EI1	7	-	-	7
EI2	5	-	2	7
EI3	5	4	-	9
EI4	1	2	3	6
EI5	3	3	1	7
TOTAL	21	9	6	36



EIXE DE INTERVENCIÓN 1: PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL DA PRODUCCIÓN DO CASTIÑEIRO EN GALICIA

SÍNTESE DO EIXE DE INTERVENCIÓN

O desenvolvemento dun proceso planificado para impulsar a produción de castaña en Galicia nos vindeiros anos debe partir dunha minuciosa análise, da cal é na actualidade a situación de partida polo que se refire aos volumes e calidades da recollida e produción das distintas variedades de castañas no noso territorio, así como unha análise desde o punto de vista do territorio en canto á superficie de terreo que se atopa en produción activa para cada unha das variedades producidas na nosa Comunidade Autónoma. É dicir, que se debe promover un sistema de información continua que permita dispoñer de datos relevantes case en tempo real ou a curto prazo para empregar nos procesos de toma de decisións, tanto estratéxicas como operativas. Á súa vez, planifícanse e desenvólvense medidas cos obxectivos de crear novas plantacións de castiñeiros para a produción principal de madeira.

Nesa planificación, a nova Área de Soutos debe asumir o rol de dinamizador e coordinador con concellos, asociacións e outras organizacións para avanzar na identificación das zonas prioritarias de actuación, definición de obxectivos e definición de medidas de apoio para artellar adecuadamente a implementación dos plans previstos sobre a recuperación de soutos e novas plantacións, considerando a posibilidade de complementar os aproveitamentos do castiñeiro con outros tipos de producións ou ben con plantacións orientadas á produción principal de madeira.

Esta planificación debe conter as bases das liñas de acción que se van implementar para impulsar a transformación do actual sector produtivo en Galicia, identificando e apuntando as diferentes posibilidades de actuación que permitan a mellora da capacidade produtiva e o incremento do valor engadido xerado das plantacións de castiñeiros en Galicia para as próximas décadas.

FACTORES POTENCIADORES E LIMITADORES MÁIS DIRECTAMENTE RELACIONADOS

POT 3, POT 4, POT 5, POT 6, POT 10, POT 14, POT 15, POT 21
LIM 1, LIM 4, LIM 5, LIM 9, LIM 10, LIM 11, LIM 12, LIM 13, LIM 17

CRITERIOS ORIENTATIVOS VINCULADOS

- » Planificación e control da produción de castaña en Galicia
- » Incremento da produción da castaña
- » Incremento da calidade da castaña
- » Incremento da superficie de castiñeiro cunha finalidade principal produtiva de madeira
- » Mellora da competitividade das empresas de produción, transformación e comercialización

EIXES DO PLAN FORESTAL DE GALICIA RELACIONADOS

EIXES III e V

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTE EIXE	PRIORIDADE
<p>EI1_1. Promoción do aproveitamento conxunto dos terreos forestais</p> <ul style="list-style-type: none"> » Desenvolverase mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos forestais, que contribúa a aumentar a rendibilidade e calidade dos recursos producidos neses terreos empregando os instrumentos recollidos na normativa de recuperación e mobilización da terra agraria. » Impulso e mellora dos soutos no marco do Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas. 	1
<p>EI1_2. Mapa territorial de zonas xeográficas preferentes</p> <ul style="list-style-type: none"> » Identificación cartográfica das actuais zonas onde se presentan estes ecosistemas a través do Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG) e o Mapa de usos agroforestais de Galicia. » Elaboración dun mapa territorial de zonas xeográficas preferentes de Galicia que identifique as principais zonas para plantacións segundo a súa aptitude que mellor se adecúen e se adapten ás condicións xeográficas, climáticas e edafolóxicas en cada caso, así coma a resistencia a enfermidades e pragas. Obterase unha relación de concellos preferentes de actuación. » Este mapa deberá respectar o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia. » Divulgar esta información a través das canles e formatos que se adapten aos principais destinatarios (trípticos, charlas, asesoramento, etc.). 	1
<p>EI1_3. Impulso á recuperación de soutos tradicionais e ás novas plantacións con destino específico para produción de froito</p> <ul style="list-style-type: none"> » Impulsar a recuperación de soutos tradicionais, entendendo estes ecosistemas como elementos multifuncionais, de alto valor de conservación, fonte de bioversidade, cultural e turística e provedora de recursos forestais (froito, madeira...). » Favorecer (axudas públicas, incentivos, investimentos directos) a superficie de novas plantacións con destino específico para a produción de froito. Terase en consideración o mapa de zonas xeográficas preferentes no que se identifiquen as áreas máis acaídas para as novas plantacións recomendando as variedades que mellor aptitude, rendemento e calidade poidan desenvolver con respecto ás condicións específicas do hábitat de cada zona en particular. 	1
<p>EI1_4. Apoio ás novas plantacións con destino específico para a produción de madeira</p> <ul style="list-style-type: none"> » Favorecer (axudas públicas, incentivos, investimentos directos) a superficie de novas plantacións con destino específico para a produción de madeira, a partir da elaboración dun mapa de zonas xeográficas preferentes. 	1
<p>EI1_5. Conservación <i>in situ</i> e <i>ex situ</i> do material vexetal autóctono</p> <ul style="list-style-type: none"> » Establecer un sistema de conservación <i>in situ</i> e <i>ex situ</i> do material vexetal autóctono existente, que permita a recolección, almacenamento e conservación da biodiversidade vexetal, tanto das distintas variedades de froito como das relativas á madeira de castiñeiro. » Para isto traballarase na mellora e establecemento de bancos de xermoplasma, selección de mouteiras selectas para a creación de novos hortos de semente, apoio ás parcelas de experimentación, ensaios de proxenie, etc. 	1

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTA EIXE	PRIORIDADE
<p>EI1_6. Implicación dos axentes impulsores</p> <p>Buscar sinerxías cos axentes impulsores a través destas vías:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Incentivar a implicación das comunidades propietarias de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e das comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades no desenvolvemento das novas plantacións de castiñeiro nos seus terreos como modelo de xestión forestal sustentable e comprometida coa biodiversidade e o coidado medioambiental. » Fomentar a adaptación das estratexias dos Grupos de Desenvolvemento Rural, co fin de que contribúan á execución de proxectos ligados aos castiñeiros, establecéndoos como prioritarios nas súas estratexias, o que axudará a consolidar a cadea de valor no seu conxunto mediante o apoio a iniciativas produtivas e transformadoras. » Intensificar os encontros e intercambios de información cos concellos e outras entidades como cooperativas, asociacións de xestión etc., para avanzar na selección de zonas preferentes de actuación para novas plantacións e para a recuperación de soutos tradicionais e posteriormente colaborar nas funcións de seguimento e control das ditas plantacións e as súas producións. 	1
<p>EI1_7. Coordinación entre administracións públicas</p> <ul style="list-style-type: none"> » Promover dende a Consellería do Medio Rural un fortalecemento da coordinación entre as administracións públicas con interese no desenvolvemento da actividade asociada ao castiñeiro, creando unha rede de apoio por toda a xeografía galega, e integrando os esforzos de todos os axentes involucrados. En particular impulsarase: <ul style="list-style-type: none"> » A actividade da Mesa da Castaña. » O desenvolvemento das funcións de coordinación da Área de Soutos » No Observatorio Forestal de Galicia⁴ integrarase un apartado específico do castiñeiro, que recollerá información sobre a evolución da situación das plantacións e as producións, así como as estatísticas dos rendementos, volumes anuais recollidos das distintas variedades e a actividade empresarial entre outras posibilidades. Sintetizarase o resultado das conclusións a través de informes estatísticos de carácter anual, desagregados a nivel provincial e de termo municipal. 	1

⁴ <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/observatorio-forestal>



EIXE DE INTERVENCIÓN 2: INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E APOIO AO SECTOR VIVEIRÍSTICO

SÍNTESE DO EIXE DE INTERVENCIÓN

A colaboración e cooperación co ámbito da investigación e sector viveirístico debe valorarse como un eixe de actuación prioritario polo enorme potencial para xerar sinerxías e incrementar os niveis de produtividade e rendibilidade dos soutos e extensións de terreos dedicados á plantación de castiñeiros.

Nese sentido, os viveiros e centros de investigación poden facer importantes achegas en canto a proporcionar información de I+D relevante sobre os principais problemas sanitarios que afectan estas especies ou mediante a difusión de resultados obtidos de programas de mellora desenvolvidos nos seus centros, entre outras posibilidades.

Así mesmo, o sector viveirístico tamén xoga un papel determinante como axente que permite asegurar a dispoñibilidade dunha suficiente oferta de plantas coas características axeitadas aos obxectivos da plantación.

Complementariamente, poden ser actores de interese en canto á súa capacidade para a transferencia de coñecementos e experiencias sobre potenciais melloras e posibles adaptacións que se poidan aplicar en relación coas diferentes técnicas de reprodución, así como sobre as mellores variedades (pugas) e clons (patrón portaenxertos) que se poden utilizar en cada caso, así tratarase de optimizar o seu uso en función da súa compatibilidade segundo as zonas ou as áreas xeográficas onde se pretendan producir, tendo tamén en conta os coñecementos sobre a resistencia a enfermidades e pragas.

FACTORES POTENCIADORES E LIMITADORES MÁIS DIRECTAMENTE RELACIONADOS

POT 3, POT 7, POT 9, POT 11, POT 12, POT 16, POT 17, POT 18
LIM 8, LIM 13, LIM 14, LIM 16, LIM 17, LIM 21, LIM 25

CRITERIOS ORIENTATIVOS VINCULADOS

- » Apoio ao sector viveirístico
- » Incremento da produción da castaña
- » Incremento da calidade da castaña
- » Incremento da superficie de castiñeiro cunha finalidade principal produtiva de madeira

EIXES DO PLAN FORESTAL DE GALICIA RELACIONADOS

EIXES I, II e III

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTA EIXE	PRIORIDADE
<p>EI2_1. Melloras con base na investigación aplicada</p> <ul style="list-style-type: none"> » Definir con base na investigación aplicada melloras na selección do material vexetal das plantacións, nas técnicas de establecemento e manexo silvícola de novas plantacións de castiñeiro e a optimización da queda de aproveitamentos para maximizar os rendementos económicos obtidos. » Transferencia e asesoramento: elaboración da documentación, formación e accións informativas dirixidas aos silvicultores e persoal interesado. 	1
<p>EI2_2. Predios piloto e rede de parcelas demostrativas</p> <ul style="list-style-type: none"> » Impulsar a colaboración con todas as partes involucradas que permita dar a coñecer aproveitamentos modelo (predios piloto e rede de parcelas demostrativas) sobre cultivos de castañas, aproveitamentos madeireiros e mixtos, sistemas agroforestais, etc., para facilitar a observación dos rendementos obtidos con distintas técnicas de cultivo, entre outras, e divulgar publicamente os resultados (cursos, talleres, campañas nos medios, etc.). » Os soutos incluídos no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas² deben servir de modelo para a aplicación do principio “conservar mediante a xestión forestal activa” como slogan que amose que as prácticas de non xestión conducen ao abandono mentres que a xestión multifuncional producirá bens e servizos que salvagardarán o futuro destas formacións. » Tamén se orientarán a dar a coñecer distintas técnicas e métodos de recollida e clasificación de castañas (máquinas despedregadoras, redes, aspiradoras...). 	1
<p>EI2_3. Canles de comunicación entre administracións públicas, centros de investigación, os viveiros e o tecido empresarial</p> <ul style="list-style-type: none"> » Establecer canles de comunicación entre as administracións públicas, os centros de investigación, IXP, o sector dos viveiros e o tecido empresarial produtivo e transformador de froito e madeira, a través da Mesa da Castaña e coas entidades máis representativas do monte en Galicia coa participación do Consello Forestal de Galicia. » Orientarase cara ao intercambio de información sobre as características dos portaenxertos e variedades comerciais con maior valor e potencialidade no mercado, así como dos híbridos de aptitude madeireira, tratarase de garantir a dispoñibilidade de planta coas características xenéticas axeitadas aos obxectivos da plantación. » Como complemento, reforzase o labor realizado polo Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Ríos para avanzar cara á caracterización e tipificación dos soutos da montaña que permita mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castiñeiro e as pragas que o ataca. 	1
<p>EI2_4. Catálogo de áreas de investigación e tecnoloxía cara á innovación</p> <ul style="list-style-type: none"> » Desenvolver un catálogo permanente de áreas de investigación e tecnoloxía susceptibles de xerar innovacións na produción, comercialización e transformación de castañas e da madeira en Galicia. Compatibilizase coa detección das necesidades e carencias no sector produtivo, que axude a identificar áreas de investigación e de formación prioritarias. 	3

4 <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/rexistro-masas-frondosas>

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTE EIXE	PRIORIDADE
<p>EI2_5. Infraestruturas e dotación a viveiros, produtores e silvicultores</p> <ul style="list-style-type: none"> » Garantir o aprovisionamento de planta de castiñeiro para realizar as actuacións previstas. » Apoiar (axudas públicas, convenios/acordos de colaboración, investimentos públicos directos) a adecuación de infraestruturas e dotación aos viveiros, produtores e silvicultores co obxecto de garantir a subministración da planta de castiñeiro de calidade e que responda aos criterios definidos para a adecuada recuperación dos soutos e novas plantacións. 	1
<p>EI2_6. Foro de experiencias e novidades</p> <ul style="list-style-type: none"> » Desenvolver con periodicidade bianual un foro público participativo de experiencias e novidades relacionadas coa recuperación dos soutos tradicionais, novas plantacións de carácter produtivo, ecolóxico ou recreativo, os procesos produtivos, etc. 	3
<p>EI2_7. Transferencia dende os centros e entidades investigadoras</p> <ul style="list-style-type: none"> » Desenvolver mecanismos de colaboración que permitan unha continua transferencia de coñecementos e experiencias, así como a divulgación e posta en valor da relevancia para a actividade da I+D desenvolvida polos centros e entidades investigadoras relacionados co castiñeiro, e fomentarse o intercambio de información cos viveiros e silvicultores. » Recompilar e divulgar os estudos e publicacións realizados por estes centros e entidades investigadoras, en particular nos ámbitos da caracterización xenética e fenotípica das variedades tradicionais, clons híbridos e árbores superiores e da mellora xenética para a creación dos novos materiais de reprodución, entre outros. » En particular, orientarse, entre outros, á mellora das técnicas de reprodución, así como as mellores variedades (pugas) e clons (patrón portaenxertos) e a súa compatibilidade en función das zonas ou áreas xeográficas onde se queiran implantar. » Priorizarase tamén a transferencia de resultados de investigación sobre a resistencia ás enfermidades ou da incidencia das pragas, así como de calquera outro tipo de problemas sanitarios e dos resultados derivados de programas de mellora implementados. Tamén se considera o intercambio de información sobre maquinaria específica. » Desenvolver un programa de xornadas formativas orientadas aos propietarios e silvicultores en temáticas relativas á plantación, coidados iniciais destas e os tratamentos silvícolas. Tamén se realizarán accións relacionadas coa posibilidade de complementar o modelo de negocio con outros aproveitamentos forestais e compatibles, entre outras temáticas. 	1



EIXE DE INTERVENCIÓN 3: DESENVOLVEMENTO E REVITALIZACIÓN DE RECURSOS E APROVEITAMENTOS

SÍNTESE DO EIXE DE INTERVENCIÓN

Desde as administracións públicas, dentro do marco do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña de Galicia, deberán instaurarse liñas de axudas específicas que promovan o interese dos propietarios dos terreos para intensificar a forestación e reforestación das súas superficies con castiñeiro, cunha finalidade última de produción de madeira e/ou aproveitamento do froito, ao mesmo tempo que permita unha maior consolidación da presenza de masas produtoras de castiñeiro na Galicia Atlántica. Estes ecosistemas forestais son un reflexo representativa da multifuncionalidade do monte en Galicia.

Tamén resultan especialmente necesarias as ditas liñas de axudas públicas específicas para a impulsar e promover a restauración e posta en produción de soutos tradicionais, que por mor da crecente tendencia demográfica de despoboamento e abandono do medio rural se ven ameazadas de desaparición pola falta de intervención humana que os xestione de forma activa e sustentable e os poña en valor (valorización). Nese sentido, será preciso apoiar o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais, o fomento e a formación sobre outros aproveitamentos forestais compatibles co castiñeiro para mellorar a rendibilidade das actividades.

Desde o punto de vista do incremento da capacidade produtiva son fundamentais a implementación de medidas de control sanitario, tanto da propia árbore como do froito, priorizando en particular, a posta en marcha das actuacións de loita biolóxica contra perforadores da castaña e a avespa do castiñeiro, así como para facer fronte ao cancro mediante a introdución de cepas hipovirulentas.

Ademais, deberá fomentarse a posta en práctica de melloras, tanto en relación con técnicas de establecemento de novas plantacións de castiñeiro e a optimización das quendas de aproveitamento, como polo que se refire a técnicas silvícolas para a obtención de m

FACTORES POTENCIADORES E LIMITADORES MÁIS DIRECTAMENTE RELACIONADOS

POT 1, POT 4, POT 5, POT 7, POT 10, POT 12, POT 13, POT 14, POT 16, POT 17, POT 18, POT 19
LIM 1, LIM 2, LIM 3, LIM 8, LIM 9, LIM 10, LIM 11, LIM 12, LIM 13, LIM 25

CRITERIOS ORIENTATIVOS VINCULADOS

- » Planificación e control da produción
- » Incremento da superficie para madeira
- » Incremento da produción da castaña
- » Incremento da calidade da castaña

EIXES DO PLAN FORESTAL DE GALICIA RELACIONADOS

EIXES III e V

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTE EIXE	PRIORIDADE
<p>EI3_1. Iniciativas públicas e medidas de fomento para soutos e novas plantacións</p> <ul style="list-style-type: none"> » Apoiar con iniciativas públicas e medidas de fomento que incentiven o interese pola recuperación de soutos tradicionais abandonados ou non aproveitados, así como para acometer novas plantacións de castiñeiros, tanto de aproveitamento do froito como con fins madeireiros. » De ser terreo forestal, estas plantacións deben estar contidas nos instrumentos de ordenación e xestión forestal ou adhesión aos modelos silvícolas, sendo ademais conveniente que os montes ou unidades de xestión forestal onde se establezan contén, cando menos, cun sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente. 	1
<p>EI3_2. Medidas de control fitosanitario e loita biolóxica</p> <ul style="list-style-type: none"> » Intensificar o desenvolvemento de programas de medidas de control fitosanitario e loita biolóxica, dándolle especial prioridade á loita contra os perforadores da castaña e á avespa do castiñeiro, así como ao control do chancro mediante o uso de cepas hipovirulentas, e mellorando a actuación da Rede Galega de Seguimento de Danos. » Promover a implicación dos titulares de soutos tradicionais de castiñeiros, agrupacións, asociacións, cooperativas, silvicultores activos... na procura dunha maior efectividade. Fomentarase entre eles o uso de ferramentas coma a Rede de Avisos de Sanidade Forestal⁵. 	1
<p>EI3_3. Portaenxertos e pugas. Promoción de variedades de castañas</p> <ul style="list-style-type: none"> » Informar e fomentar a utilización do castiñeiro autóctono e dos diferentes híbridos como portaenxertos en función da produción obxectivo, da súa compatibilidade coas distintas variedades que se van utilizar no caso de produción froiteira (tendo presente o mapa territorial de zonas xeográficas) e, de forma xeral, dos usos e aproveitamentos que se queiran obter. » Promover a produción de variedades de castañas, centrándose nas súas propiedades tecnolóxicas, en relación tanto aos requirimentos da industria transformadora como do mercado de consumo en xeral, que oriente as políticas de conservación dos aproveitamentos existentes e das novas plantacións, para asegurar a utilización da materia prima dispoñible e mellorar o atractivo e a rendibilidade das actividades. 	1
<p>EI3_4. Aproveitamento madeireiro</p> <ul style="list-style-type: none"> » Fomento de híbridos e variedades con aptitude para a produción de madeira » Fomento das novas plantacións con destino á produción de madeira, co obxectivo de facer máis atractiva a actividade produtora e fomentar, de ser o caso, a creación de novas empresas. » Impulsar modelos silvícolas⁶ axeitados a esta produción que incrementen os niveis de calidade da madeira. » Apoiar iniciativas relacionadas coa caracterización técnica da madeira de uso estrutural. 	1

5 <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/servizos/publicacions-electronicas-periodicas>

6 <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/ordenacion/adhesion-a-ms-e-rbfp-orientativos>

<p>EI3_5. Aproveitamento micolóxico</p> <ul style="list-style-type: none"> » Fomentar plantacións de castiñeiro multifuncionais, como modelos de maior produtividade de castaña e cogomelos, con marcos de plantación e medidas silvícolas asociadas. » Apoiar sistemas de aproveitamento micolóxico organizado arredor dos soutos de castiñeiro, por exemplo, con agrupacións de xestión conxunta, cooperativas agrícolas, puntos de venda, etc. 	1
<p>EI3_6. Aproveitamento integral dos soutos</p> <ul style="list-style-type: none"> » Fomentar o aproveitamento integral dos soutos considerando, especialmente, os usos económicos derivados das castañas, compatibilizándoos, tamén con sistemas agroforestais e outros usos complementarios como os do turismo e ocio, paisaxísticos e outros aspectos medioambientais. » Realizar un manual de xestión económica dos soutos, que se adecúen aos criterios globais de prácticas de xestión forestal sustentable. » Desenvolvemento dos novos métodos de produción de castaña baseados na aplicación de deseños agronómicos sustentables de alta produtividade e unha crecente incorporación da mecanización para as tarefas de cultivo e mantemento das plantacións. 	2
<p>EI3_7. Actuacións de conservación e mellora en espazos protexidos</p> <ul style="list-style-type: none"> » Promover actuacións que contribúan á conservación e mellora daquelas formacións e exemplares de castiñeiro que estean en espazos incluídos nas figuras de protección, polas súas características, como patrimonio natural (Rede Natura 2000, Catálogo de árbores senlleiras), cultural, etnográfico, etc. Débense establecer medidas compensatorias para os seus titulares. 	2
<p>EI3_8. Posta en valor do soto tradicional e da castaña</p> <ul style="list-style-type: none"> » Apoiar iniciativas que poñan en valor o soto tradicional, a castaña e o seu aproveitamento como patrimonio natural, cultural e recurso turístico. Poñer en valor actuacións ligadas a tradicións coma os magostos ou a pisa tradicional da castaña, recuperación de infraestruturas tradicionais coma sequeiros, caínzos... así coma as visitas e o coñecemento de soutos destacados, coma os recollidos no Catálogo de árbores senlleiras⁷. 	2
<p>EI3_9. Infraestruturas de acceso e espazos para a recollida e selección</p> <ul style="list-style-type: none"> » Mellorar as infraestruturas de acceso ás zonas de produción de castañas nos montes galegos, así como a disposición de espazos adecuados para os realizar os traballos de limpeza, recollida e selección previos en boas condicións, favorecendo así a mellora da calidade final da produción. 	2

⁷ https://cmav.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Arbores_senlleiras/



EIXE DE INTERVENCIÓN 4: IMPULSO DA COMERCIALIZACIÓN E FOMENTO DA CALIDADE DA CASTAÑA. IMPULSO AO DESENVOLVEMENTO DA IXP

SÍNTESE DO EIXE DE INTERVENCIÓN

O fin último deste eixe debe ser poder garantir que Galicia manteña a súa posición de liderado na Eurorexión como principal área de produción de castaña e de coñecemento acumulado arredor dos castiñeiros, a súa bioloxía, patoloxía e propagación vexetal.

O incremento dos niveis de calidade media da produción de castañas en Galicia debería combinar actuacións relativas a fomentar e dar prioridade ao uso das variedades de castañas de mellor aptitude respecto ás características do produto máis axeitadas en función do uso comercial (en fresco, conxelada, transformada...) que se vaia dar a esa produción con outras medidas relacionadas cos tratamentos culturais e sanitarios do souto relevantes que aseguren a produción de castaña.

E por outra banda, a calidade do produto verase claramente reforzada e incrementada mediante a posta en marcha de mecanismos de comunicación e colaboración que favorezan a mellora na transferencia de tecnoloxía entre o sistema de I+D galego e os viveiristas que producen planta de castiñeiro⁸, para que estes finalmente poñan á disposición dos produtores variedades de castaña de maior produtividade e valor engadido para o mercado de consumo.

Complementariamente, cómpre facer un esforzo importante por acadar melloras relacionadas coa identificación dos produtores que permitan garantir a rastrexabilidade da produción autóctona, informando sobre as posibilidades de comercialización de castañas en Galicia e a posibilidade de adherirse a selos de calidade diferenciada existentes na nosa comunidade como a identificación xeográfica protexida (IXP) Castaña de Galicia ou a relativa á produción baixo os requisitos da agricultura ecolóxica.

FACTORES POTENCIADORES E LIMITADORES MÁIS DIRECTAMENTE RELACIONADOS

POT 2, POT 4, POT 6, POT 7, POT 8, POT 11, POT 15, POT 20, POT 21, POT 24, POT 25, POT 27, POT 28, POT 29, POT 30, POT 31

LIM 1, LIM 8, LIM 14, LIM 15, LIM 16, LIM 18, LIM 20, LIM 21, LIM 22, LIM 23, LIM 24, LIM 25

CRITERIOS ORIENTATIVOS VINCULADOS

- » Planificación e control da produción de castaña en Galicia
- » Apoio ao sector vivierístico
- » Incremento da calidade da castaña
- » Mellora da competitividade das empresas de produción, transformación e comercialización

EIXES DO PLAN FORESTAL DE GALICIA RELACIONADOS

EIXES I, III, IV e V

⁸ Vifoga www.vifoga.org e Asvinor [Nosotros - Asvinor](http://Nosotros-Asvinor)

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTE EIXE	PRIORIDADE
<p>EI4_1. Imaxe de produto de calidade</p> <ul style="list-style-type: none"> » Potenciar a imaxe de produto de calidade no mercado mediante o desenvolvemento de innovacións en canto ao empaquetamento e formatos de presentación dos produtos, fomentando tamén a incorporación de signos distintivos que favorezan a identificación dos produtos e incrementen a súa diferenciación, como, por exemplo, o selo da IXP Castaña de Galicia ou a produción ecolóxica. 	2
<p>EI4_2. Novas liñas de produtos derivados das castañas</p> <ul style="list-style-type: none"> » Continuar apostando por novas liñas de produtos derivados das castañas que complementen a oferta actual baseadas na calidade e con alto valor engadido para segmentos de mercado específicos como poden ser as dietas sen glute, vexetarianas, veganas ou ben dirixidas á alimentación infantil ou a produción en ecolóxico. 	3
<p>EI4_3. Actividade da IXP</p> <ul style="list-style-type: none"> » Desenvolver desde a IXP unha campaña de comunicación para fomentar entre os produtores e a industria transformadora a súa adhesión á IXP, explicando os requisitos e condicións necesarias que se deben cumprir, así como as sinerxías, vantaxes e beneficios derivados de comercializar os seus produtos baixo o amparo da etiqueta da IXP Castaña de Galicia, tanto no mercado local como nos mercados internacionais. » Fomentar desde a IXP a cooperación cos axentes que participan nas canles de distribución que interveñen na comercialización dos diferentes formatos e tipoloxía de produtos baseados nas castañas (tendas de "produtos da terra", delicatessen ou tendas gourmet) ou xenéricos (grandes cadeas de distribución supermercados), para incrementar a súa presenza e promoción nos puntos de venda. 	1
<p>EI4_4. Certificación da orixe e rastrexabilidae</p> <ul style="list-style-type: none"> » Mellorar os procesos e sistemas de certificación para acreditar a orixe das castañas que se producen nas plantacións galegas, para favorecer unha completa rastrexabilidae que permita garantir ao consumidor final a dita orixe. 	3

EI4_5. Campañas e actividades de promoción

- » Desenvolvemento de actividades de promoción conxuntamente coas asociacións e entidades relacionadas co aproveitamento e comercialización da castaña, en particular, a través da Mesa da Castaña, co obxectivo de divulgar os seus valores e das súas achegas no ámbito económico, social e ambiental.
- » Establecer campañas de promoción institucional da "Castaña de Galicia" como marca de garantía, resaltando os atributos de orixe e produto endógeno, produto natural, san e de calidade, para fomentar o seu consumo ao longo de todo o ano. Semella acaído que para terreos forestais esta marca proveña de montes xestionados de forma sustentable, a través dun selo de certificación forestal recoñecido internacionalmente que así o acredite.
- » Valorar a posibilidade de promover novas iniciativas de márketing, como a identificación dos "soutos tradicionais", ou para aquelas castañas que proveñan de soutos situados na Rede galega de espazos naturais protexidos, ou no caso de situarse en áreas cortalumes ou provenientes dun instrumento de recuperación (polígonos agroforestais especiais, como son os polígonos "cortalumes"), outorgando a estas producións unha característica diferenciadora que podería posicionarlas dun xeito vantaxoso nos mercados nacionais e internacionais.
- » Potenciar unha maior cultura culinaria en Galicia que utilice as castañas e os seus derivados como ingrediente, incrementando a presenza en espazos televisivos e en redes sociais que fomenten a incorporación da ampla variedade de produtos da castaña nas súas receitas.
- » Entre outros ámbitos, desenvolveranse actividades de promoción na hostalaría e nas escolas de hostalaría e realizaranse actividades dirixidas á poboación escolar.

2

EI4_6. Xerar maior conciencia social sobre o valor dos castiñeiros

- » Impulsar a produción e difusión de publirreportaxes e documentais co obxectivo de xerar unha maior conciencia social entre o conxunto da poboación sobre o valor e a riqueza económica, social e medioambiental que xeran as plantacións de castiñeiros e os seus aproveitamentos en Galicia, en xeral, e nas áreas rurais en particular, poñendo en valor o seu papel como elemento socioeconómico dinamizador das áreas do territorio que sofren un continuo proceso de abandono, despoboamento e envellecemento dos seus habitantes.

3



EIXE DE INTERVENCIÓN 5: MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DO VALOR ENGADIDO DAS EMPRESAS

SÍNTESE DO EIXE DE INTERVENCIÓN

Para buscar unha maior eficiencia e produtividade no conxunto da cadea de valor de produción tanto das castañas como da madeira e outros produtos, débese implementar unha serie de medidas para fomentar a realización de investimentos dentro da industria transformadora que permitan innovar en novos produtos de alto valor engadido baseados na castaña. En particular, potenciar o desenvolvemento de novos métodos de produción de castaña, con deseños agronómicos sustentables de alta produtividade e incorporación plena da mecanización dos procesos produtivos nas tarefas de mantemento e cultivo.

Ademais, o incremento nos niveis de profesionalización e formación dos recursos humanos, tanto desde o punto de vistas operativo e dos procesos de produción como no campo da dirección e xestión das empresas, especialmente no ámbito das actividades produtivas.

Por outra banda, en relación coa orientación aos mercados, resulta de especial relevancia activar mecanismos e iniciativas que favorezan un maior control da comercialización, tanto desde o punto de vista dos procesos de aprovisionamento dunha importante proporción de castaña comprada a través de intermediarios estranxeiros e que non se declara, como en referencia ás canles de venda do produto sen declarar realizada por operadores situados fóra da cadea.

Nese sentido, cómpre fomentar unha mellora na organización interna do sector co obxecto de producir unha maior concentración da oferta en organizacións de produtores que lles permita incrementar o seu poder negociador e operar en mellores condicións de oferta/negociación nos mercados, tanto a nivel autonómico como estatal e internacional.

FACTORES POTENCIADORES E LIMITADORES MÁIS DIRECTAMENTE RELACIONADOS	POT 9, POT 19, POT 20, POT 21, POT 22, POT 23, POT 24, POT 26, POT 28, POT 30 LIM 3, LIM 4, LIM 5, LIM 6, LIM 7, LIM 15, LIM 16, LIM 17, LIM 19, LIM 21, LIM 22, LIM 26, LIM 27, LIM 28
CRITERIOS ORIENTATIVOS VINCULADOS	» Incremento da produción da castaña » Incremento da calidade da castaña » Incremento da superficie de castiñeiro cunha finalidade principal produtiva de madeira » Mellora da competitividade das empresas de produción, transformación e comercialización
EIXES DO PLAN FORESTAL DE GALICIA RELACIONADOS	EIXES III e IV

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTE EIXE	PRIORIDADE
<p>EI5_1. Liñas de axudas públicas a novas iniciativas e proxectos empresariais</p> <ul style="list-style-type: none"> » Establecemento dunha liña de axudas públicas orientada á posta en marcha de novas iniciativas e proxectos empresariais vinculados ao cultivo e aproveitamento forestal de novas plantacións de castiñeiros e recuperación dos soutos tradicionais, tanto para usos madeiros como para produción de castañas para consumo alimentario. » En particular, implementar instrumentos de financiamento en condicións vantaxosas para incentivar a realización de investimentos para a modernización e renovación das instalacións e bens de equipamento por parte dos propietarios de superficies dedicadas ao castiñeiro. » Complementar estas accións co fomento entre os propietarios da importancia de acometer investimentos nas súas plantacións como a adquisición de bens de equipamento para a mecanización dos labores de selección, limpeza e recollida do froito, co obxectivo de incrementar os niveis de eficiencia dos procesos intensivos en man de obra, tendo en conta ademais a carencia de persoal especializado polo abandono e o progresivo envellecemento da poboación das áreas rurais. 	1
<p>EI5_2. Fomento do emprego da madeira de castiñeiro</p> <ul style="list-style-type: none"> » Implementar melloras nas técnicas silvícolas que cómpre aplicar no caso das novas plantacións de castiñeiro cuxa principal finalidade sexa a produción de madeira coas calidades que demanda o mercado. » Apoiar iniciativas innovadoras dirixidas á modernización das empresas que traballen con madeira de castiñeiro. » Fomentar o emprego de madeira de castiñeiro como elemento construtivo. 	2
<p>EI5_3. Actividade da Mesa da Castaña</p> <ul style="list-style-type: none"> » Impulsar desde a Administración autonómica a actividade da Mesa da Castaña como canle de diálogo civil onde promover a transferencia, innovación e a mellora continua da cadea de valor dos castiñeiros en Galicia. » Neste ámbito, establecer encontros periódicos entre representantes e voceiros das asociacións de produtores e da IXP e a industria transformadora, poñendo en común tanto as necesidades da parte produtora como as da industria transformadora. 	1
<p>EI5_4. Colaboración coa industria alimentaria</p> <ul style="list-style-type: none"> » Fomentar o desenvolvemento de liñas de colaboración con outras actividades empresariais da industria alimentaria a través de Agacal ou o Clúster Alimentario de Galicia, aproveitando as experiencias, o saber facer e as iniciativas de éxito vinculadas ás actividades de referencia na economía galega como as do marisqueo, mexillón, conservas, conxelados, viño, lácteos, carnes... 	2
<p>EI5_5. Impulso ao uso das TIC</p> <ul style="list-style-type: none"> » Incrementar a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación entre as empresas da cadea de valor da castaña cun maior aproveitamento das páxinas web, plataformas de comercio en liña e comercio electrónico, así coma as redes sociais como canles de promoción e posicionamento dos produtos derivados do castiñeiro. 	3

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DESENVOLVER DENTRO DESTE EIXE	PRIORIDADE
<p>EI5_6. Formación aos actores da cadea de valor</p> <ul style="list-style-type: none"> » Impulsar actividades de formación dirixidas aos potenciais actores da cadea de valor. Incorporar módulos de contidos específicos da silvicultura do castiñeiro ao alumnado dos centros de formación da rama agraria. » Incrementar o grao de profesionalización dos ámbitos directivos das actividades, especialmente necesario, no caso dos propietarios de pequenas plantacións produtoras, e completalo coa formación continua orientados aos postos de traballo do persoal operativo das empresas con maiores carencias ou necesidades de profesionalización, especialmente en procesos produtivos (atención aos labores de desinfección nos tratamentos silvícolas) e en manexo de máquinas e novas tecnoloxías, así como en seguridade alimentaria e laboral. » Realizar formación específica orientada aos profesionais que poidan empregar no seu traballo a madeira de castiñeiro (ámbitos da arquitectura e construción, carpintería, etc.) co obxectivo de difundir as súas características e propiedades. É preciso afondar nas necesarias normas técnicas para o emprego desta madeira con usos construtivos dirixidas aos prescritores. 	1
<p>EI5_7. RSC, liñas de mecenado e patrocinio</p> <ul style="list-style-type: none"> » Alentar o compromiso das empresas na Responsabilidade Social Corporativa (RSC), co investimento de capital privado no mecenado e o patrocinio de proxectos que contribúan a incrementar a riqueza social, cultural, e medioambiental que xeran os soutos, as plantacións de castiñeiros e os seus aproveitamentos en Galicia. 	2

4.3 PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS QUE CÓMPRE DESENVOLVER NO MARCO TEMPORAL 2022-2025

Partindo das prioridades asignadas ás **36 actuacións propostas anteriormente**, no marco temporal do período 2022-2025, este programa estratéxico deberá promover todas aquelas actuacións consideradas de prioridade, é dicir, todas as **valoradas como de máxima prioridade** (nivel 1).

Nas seguintes táboas recóllense por separado as **21 propostas de actuación previstas** para a súa posible execución no prazo anteriormente mencionado, ordenadas por eixes de intervención e referenciadas co código de referencia con que se identificaron nas correspondentes fichas.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN QUE CÓMPRE DESENVOLVER NO PERÍODO 2022-2025					
Eixe 1: PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DA PRODUCCIÓN DO CASTIÑEIRO EN GALICIA					
	Descrición	Accións	Indicadores	Investimento estimado (€)	Responsables
EI1_1.	Promoción do aproveitamento conxunto dos terreos forestais	Desenvolvemento regulamentario (orde) das diferentes figuras das agrupacións de xestión conxunta, segundo un modelo de estatutos das asociacións de propietarios para facilitar a súa xestión agrupada	Orde publicada	-	Consellería do Medio Rural
EI1_2.	Mapa territorial de zonas xeográficas preferentes	Delimitación actual de soutos de castiñeiro e outras formacións de frondosas con presenza desta especie. Elaboración dun mapa territorial das zonas xeográficas preferentes. Determinación de concellos prioritarios de actuación.	Realización: cartografía da situación actual de soutos (IFCG e mapa de usos). Mapa territorial de zonas xeográficas preferentes. Relación de concellos prioritarios de actuación. Divulgación dos resultados.	303.000€	Agader e Consellería do Medio Rural
EI1_3.	Impulso á recuperación dos soutos tradicionais e ás novas plantacións e de soutos con destino específico para produción de froito	Investimentos públicos para a recuperación dos soutos tradicionais e novas plantacións con destino específico para produción de froito	Convocatorias de axuda (combinación con instrumento financeiro), investimentos directos e convenios/acordos de colaboración	10.960.829,84€ (conxunta con EI 1.4, EI3.4, EI 3.5)	Agade e Consellería do Medio Rural
EI1_4.	Apoio ás novas plantacións con destino específico para produción de madeira	Investimentos públicos para novas plantacións con destino específico para produción de madeira	Convocatorias de axuda (combinación con instrumento financeiro), investimentos directos e convenios/acordos de colaboración	Estimación conxunta propostas EI 1.3, EI1.4, EI 3.4, EI 3.5	Agader e Consellería do Medio Rural

EI1_5.	Conservación <i>in situ</i> e <i>ex situ</i> do material vexetal autóctono	Establecemento de bancos de xermoplasma, selección de mouteiras selectas para a creación de novos hortos de semente, apoio a parcelas de experimentación, ensaios de proxenie	Creación banco xermoplasma. Actualización e rexistro de novas unidades de admisión de material de base (UAMB).	420.000 €	Agacal e Consellería do Medio Rural
EI1_6.	Implicación dos axentes impulsores	Incentivar a implicación das comunidades propietarias de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e das comunidades de montes veciñais en man común a as súas mancomunidades. Grupos de Desenvolvemento Rural. Concellos e outras entidades como cooperativas, asociacións de xestión, etc.	25 de talleres de traballo, seminarios, visitas demostrativas ou xornadas de divulgación e participación	66.000 €	Agader, Agacal e Consellería do Medio Rural
EI1_7.	Coordinación entre administracións públicas	O desenvolvemento das funcións de coordinación da Área de Soutos. No observatorio forestal de Galicia integrarase un apartado específico do castiñeiro.	Creación dunha Área de Soutos na CMR. Elaboración dunha estatística da superficie e producións anuais dos soutos e dun estudo coa valoración económica da cadea monte-industria.	60.000 €	Agacal, IXP e Consellería do Medio Rural

Eixe 2: INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E APOIO AO SECTOR VIVEIRÍSTICO

	Descrición	Accións	Indicadores	Investimento estimado (€)	Responsables
EI2_1.	Melloras con base na investigación aplicada	Selección do material vexetal das plantacións, nas técnicas de establecemento e manexo silvícola de novas plantacións de castiñeiro e a optimización da quenda Transferencia (complementa con EI2_7) e asesoramento	50 accións de transferencia e asesoramento en materia de material vexetal que se vai utilizar nas novas plantacións	60.000 €	Agacal
EI2_2.	Predios piloto e rede de parcelas demostrativas	Aproveitamentos modelo (predios piloto e rede de parcelas demostrativas) sobre cultivos de castañas, aproveitamentos madeireiros e mixtos, sistemas agroforestais. Accións demostrativas de xestión forestal activa nos soutos do Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, valorizando as actuacións silvícolas e cortas de rexeneración.	100 de predios piloto/parcelas demostrativas Desenvolvemento dunha campaña publicitaria para a xestión activa das frondosas caducifolias	560.000 €	Agacal, IXP e Consellería do Medio Rural

EI2_3.	Canles de comunicación entre as administracións públicas, centros de investigación, os viveiros e o tecido empresarial	Reforzar ao Consello Forestal de Galicia e a Mesa da Castaña como órganos de diálogo civil para o intercambio de información, asesoramento e transferencia. Reforzar o labor que está a realizar o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós (Ourense).	Presentación bianualmente dun informe deste programa ao Consello Forestal de Galicia e á Mesa da Castaña. Manter o convenio de colaboración co Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós (Ourense).	176.000 €	Agacal e Consellería do Medio Rural
EI2_5.	Infraestruturas e dotación de viveiros, produtores e silvicultores	Garantir o aprovisionamento de planta para realizar as actuacións previstas. Apoiar a adecuación de infraestruturas e dotación a viveiros, produtores e silvicultores.	Transferencia de material vexetal que se vai utilizar nas novas plantacións	60.000 €	Agacal e Consellería do Medio Rural
EI2_7.	Transferencia dende os centros e entidades investigadoras	Desenvolver mecanismos de colaboración. Recompilación e divulgación de estudos e publicacións. Realizar accións formativas.	30 accións formativas	122.000 €	Agacal e Consellería do Medio Rural

Eixe 3: DESENVOLVEMENTO E REVITALIZACIÓN DE RECURSOS E APROVEITAMENTOS

	Descrición	Accións	Indicadores	Investimento estimado (€)	Responsables
EI3_1.	Iniciativas públicas e medidas de fomento para soutos e novas plantacións	Iniciativas públicas e medidas de fomento para rexeneración e novas plantacións (complementa con EI1_3 e EI1_4), incorporación das accións aos IOXF, aumento da certificación forestal nos soutos de castiñeiro	100 hectáreas de soutos certificados por calquera sistema de certificación recoñecido internacionalmente	400.000 €	Consellería do Medio Rural
EI3_2.	Medidas de control fitosanitario e loita biolóxica	Intensificar o desenvolvemento de programas de medidas de control fitosanitario e loita biolóxica. Rede Galega de Seguimento de Danos. Promover a implicación dos titulares de soutos tradicionais de castiñeiros, agrupacións, asociacións, cooperativas, silvicultores activos...	Reforzamento da Rede Galega de Seguimento nos soutos galegos. Creación de 35 novas parcelas Continuar cos tratamentos de loita biolóxica. 50 accións de implicación de produtores da castaña (visitas, xuntanzas...)	8.448.000 €	Consellería do Medio Rural

EI3_3.	Portaenxertos e pugas. Promoción das variedades de castañas	<p>Informar/impulsar o uso de portaenxertos en función da produción obxectivo, da súa compatibilidade coas variedades de froito que se vai utilizar (tendo presente o mapa territorial das zonas xeográficas) e, de forma xeral, dos usos e aproveitamentos que se queiran obter.</p> <p>Promover a produción de variedades de castañas, centrándose nas súas propiedades tecnolóxicas, en relación tanto aos requirimentos da industria transformadora como do mercado de consumo en xeral.</p>	<p>Elaboración dun estudo sobre portaenxertos en relación aos obxectivos da plantación, zona xeográfica e compatibilidade coas principais variedades de castaña.</p> <p>Redacción dun estudo estatístico de produción de castaña segundo as variedades e acompañamento coas necesidades da industria transformadora e mercado.</p>	90.000 €	Agacal, IXP e Consellería do Medio Rural
EI3_4.	Aproveitamento madeireiro	<p>Fomento de híbridos e variedades con aptitude para a produción de madeira.</p> <p>Promover novas plantacións con destino á produción de madeira e modelos silvícolas acaídos a este obxectivo (complementa con EI1_4).</p>	Convocatorias de axuda (combinación co instrumento financeiro), investimentos directos e convenios/acordos de colaboración	Estimación conxunta propostas EI 1.3, EI 1.4, EI 3.4, EI 3.5	Agader e Consellería do Medio Rural
EI3_5.	Aproveitamento micolóxico	<p>Fomentar plantacións de castiñeiro multifuncionais.</p> <p>Apoiar sistemas de aproveitamento micolóxico organizado arredor dos soutos de castiñeiro (complementa con EI1_3 e EI1_4).</p>	Convocatorias de axuda (combinación co instrumento financeiro), investimentos directos e convenios/acordos de colaboración	Estimación conxunta propostas EI 1.3, EI 1.4, EI 3.4, EI 3.5	Agader e Consellería do Medio Rural

Eixe 4: IMPULSO DA COMERCIALIZACIÓN E FOMENTO DA CALIDADE DA CASTAÑA. IMPULSO AO DESENVOLVEMENTO DA IXP

	Descrición	Accións	Indicadores	Investimento estimado (€)	Responsables
EI4_3.	Iniciativas públicas e medidas de fomento para soutos e novas plantacións	Iniciativas públicas e medidas de fomento para rexeneración e novas plantacións (complementa con EI1_3 e EI1_4), incorporación das accións aos IOXF, aumento da certificación forestal nos soutos de castiñeiro	100 hectáreas de soutos certificados por calquera sistema de certificación recoñecido internacionalmente	400.000 €	Consellería do Medio Rural

Eixe 5: MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DO VALOR ENGADIDO DAS EMPRESAS

	Descrición	Accións	Indicadores	Investimento estimado (€)	Responsables
EI5_1.	Liñas de axudas públicas a novas iniciativas e proxectos empresariais	Novas iniciativas e proxectos empresariais vinculados ao cultivo e aproveitamento forestal de novas plantacións de castiñeiros. Investimentos nas súas plantacións como a adquisición de bens de equipamento para a mecanización dos labores de selección, limpeza e recollida do froito, co obxectivo de incrementar os niveis de eficiencia dos procesos intensivos en man de obra.	Convocatorias de axuda (combinación co instrumento financeiro), investimentos directos e convenios/acordos de colaboración	Vinculada ao EI 1.3	Agader, Agacal e Consellería do Medio Rural
EI5_3.	Actividade da Mesa da Castaña	Impulsar a actividade da Mesa da Castaña	Modificación legislativa da Mesa da Castaña como órgano de debate, de proposta de necesidades e intercambio de información	-	Agacal
EI5_6.	Formación aos actores da cadea de valor	Impulsar actividades de formación dirixidas aos potenciais actores da cadea de valor. Incorporar módulos de contidos específicos da silvicultura do castiñeiro ao alumnado dos centros de formación. Accións de profesionalización, especialmente en procesos produtivos (atención aos labores de desinfección nos tratamentos silvícolas) e en manexo de máquinas e novas tecnoloxías, así como en seguridade alimentaria e laboral. Formación específica orientada aos profesionais que poidan empregar no seu traballo a madeira de castiñeiro (ámbitos da arquitectura e construción, carpintería, etc.)	Convocatorias de axuda (combinación co instrumento financeiro), investimentos directos e convenios/acordos de colaboración	180.000 €	Agader, Agacal, Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e Consellería do Medio Rural

O investimento total (público e privado) para a execución das actuacións prioritarias no período 2022-2025 ascende a: 21.995.829,83 euros. Cun investimento medio anual arredor dos 5,5 millóns de euros.



5



SEGUIMIENTO E
AVALIACIÓN DO
PROGRAMA



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA

Coa fin de avaliar o grao de cumprimento das propostas enunciadas en cada un dos eixos estratéxicos, realizaranse avaliacións quinquenais (5 anos) que poderán dar lugar a establecer medidas extraordinarias que conduzan a satisfacer os obxectivos fixados.

Os resultados que se obteñan detallaranse nun informe de avaliación que será presentado á Mesa da Castaña e ante o Consello Forestal de Galicia, de maneira que permita analizar o grao de cumprimento do período estudado e, deste xeito, poder realizar as modificacións necesarias para alcanzar os obxectivos establecidos.



